



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO**  
**PLENO DO CONCELLO**  
**O DIA 14 DE MAIO DE 2009**

<u>ALCALDE:</u>	D. Jesús Vazquez Almuiña
<u>CONCELLEIROS:</u>	D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dña.Rosa Ana Marcote Guillén Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez Dña.Maria Iglesias Fernández Dña.Ana Simons Sánchez D.Jose Rodríguez Trigo Dña.Maria Jesús Martíns Passos  D. Manuel R. Vilar Marquez  D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dña.Laura Miguez Pérez Dna.Emilia Giráldez Ramirez Dña. Teresa Perez Vieira D. Manuel A. Gonzalez Marcote  D. Xose Enrique Fernández Fernández D.Roberto C.Valverde Sabin
<u>SECRETARIA:</u>	Dña.Susana Gallardo Fariña
<u>INTERVENTORA:</u>	Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a catorce de maio de dous mil nove, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, comunicando a alteración da Orde do Día procedendo en primer lugar a dar a benvida a D.Roberto C.Valverde, como novo concelleiro da Corporación Municipal polo grupo municipal do B.N.G., quen procede á toma de posesión do seu cargo.

**1.-TOMA DE POSESION DE D.ROBERTO C.VALVERDE SABIN COMO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G.**

**D.ROBERTO C.VALVERDE:** Antes de tomar posesión do meu cargo quixera facer unha pequena mención á concelleira saínte Ana María Rodríguez, e á que tamén fora portavoz municipal do BNG dende que éste tivo representación no Concello de Baiona, Socorro Dacosta; así como a tódolos militantes e simpatizantes, polo apoio e confianza depositada na miña persoa, e como non, un recoñecemento especial a miña familia pola súa comprensión e apoio.

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, así como gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

---



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.**- Moitas grazas e benvido.

**2.-APROBACION DE ACTAS ANTERIORES.**

Acta de 2 de abril de 2009  
Acta de 8 de abril de 2009  
Acta de 23 de abril de 2009

Sometidas a aprobación as devanditas actas, son aprobadas por unanimidade.

**3.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

**4.-APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE OBRA PUBLICA DA CONSTRUCCION E EXPLOTACION DUN CENTRO CIVICO SOCIAL EN SABARIS.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

**PROPOSTA DA ALCALDIA**

1.- En data 30/07/2007 o Concello de Baiona firmó un contrato administrativo coa consultora PROINTEC para a redacción dun estudo de viabilidade, prego de preescripcions técnicas e anteproxecto dun centro cívico social en Sabaris a construír nunha parcela de titularidade municipal de 816 m2 de superficie de 5 do plano de zonificación do Plan Parcial As Escubichas SUP 2- Unidade de execución 1 do Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Baiona.

2.- En data 19/05/2008 a consultora presentou o anteproxecto e o estudo de viabilidade económica e por resolución da alcaldía de data 14/08/2009 foi sometido a período de exposición ó público polo prazo dun mes dende a publicación do anuncio no DOG núm. 184 de data 23/09/2009. Durante o prazo de exposición non se presentaron alegacións.

3.-En data 30/01/2009 e subsanadas as deficiencias presentouse novamente o documento procedéndose novamente a súa publicación no DOG núm. 38 de data 24/02/2009 sen que durante o prazo sen presentasen alegacións.

4.-Al expediente administrativo se incorporan los pliegos de cláusulas administrativas y pliego de preescripcions técnicas que rigen el contrato.

5.- O artigo 93 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de contratos do sector público (LCSP), dispón que o expediente de contratación incorpóranse os pregos de cláusulas administrativas particulares e preescripcions técnicas, a fiscalización da Intervención e a aprobación do gasto. No expediente consta a fiscalización da Intervención municipal.

6.- O artigo 94 do TRLCAP dispón que unha vez completado o expediente de contratación se dictará resolución motivada polo órgano de contratación aprobándoo e disponiendo a apertura do procedemento de adxudicación. A resolución comprenderá tamén a aprobación do gasto.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**7.- O contrato adjudicarase polo procedemento aberto a oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adjudicación de acordo co disposto no artigo 134.3.e) LCSP**

**8.- O órgano de contratación competente é o Pleno consonte o disposto na DA 2ª.1 LCSP**

**Por todo o exposto e a vista dos informes favorables obrantes no expediente, propono ós membros do Pleno previo ditame da Comisión Informativa de asuntos de Pleno.**

**Primeiro.- Aproba-lo expediente de contratación de concesión de obra pública de construción e explotación dun centro cívico social cun prazo de duración de corenta anos con procedemento aberto a oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adjudicación.**

**Segundo.- Aproba-los Pregos de Cláusulas Administrativas particulares, anteproxecto de explotación e prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.**

**Terceiro.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no DOUE, BOE, DOG e perfil do contratante para que no prazo que se sinale no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas.**

---

**CONTINUA.-** Como bien se comenta en esta Propuesta, se eleva a Pleno el concurso para la construcción y explotación de un Centro cívico social y deportivo en Sabaris, concretamente en Escubichas.

Esta obra tendrá una duración de 1 ano, supondrá un importe de 570.000 euros hacer esta edificación, y 39 años correspondientes a la explotación de los servicios que ahora veremos.

Será una edificación en un terreno de unos 810 metros; la planta baja contará con un gimnasio de 55 m2 aproximadamente y un aforo en cada instante de 13 personas como máximo; también contará con vestuarios para uso de las piscinas, y aseos. La planta baja también contará con una cafetería de unos 45 metros, recepción y hall, también con aseos.

La planta superior contará con una ludoteca para niños, de 14 m2, también con aseos, y una sala polivalente para distintas actividades como proyecciones, juegos de talleres, y sobre todo actividades deportivas.

La zona exterior contará con un parque infantil de unos 60 metros, una piscina infantil que tendrá unas medidas de 8 x 6 metros, y una piscina para adultos con un vaso de 8 x 20 metros, así como una pista de paddle de 200 m2.

Lo que pretendemos es atender una petición en nuestro Municipio y en concreto, sobre todo, de la parroquia de Santa Cristina de Ramallosa, en demanda de que cada vez nuestros ciudadanos están pidiendonos más actividades socio-deportivos; creemos que tendrá una gran aceptación.

Habrà una Mesa de Contratación compuesta por el Presidente, Intervención, Secretaría, y un miembro por cada agrupación política; se verá la mejor gestión económica y la mejor gestión de este establecimiento; pensamos que tendrá mucha aceptación y que es muy importante crear nuevos servicios tanto sociales como deportivos, y esperamos que toda la Corporación Municipal apruebe este punto de la Orden del Día. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** En primer lugar y en nombre del grupo municipal socialista darle a benvida a Roberto, xa sabemos da sua valía que vai ser proveitosa para o que queda de mandato; tamén despedir a Ana, á quen hoxe xa temos como espectadora, e darle tamén un cariño.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

En canto ó punto, efectivamente dende o grupo socialista somos coñecedores da demanda da parroquia de Sabarís por un Centro cívico, un lugar de encontro, un lugar para xuntanzas dos distintos colectivos da parroquia, hai que ter en conta tamén que é unha das parroquias de maior poboación do noso Concello; e tamén é unha Parroquia moi dinámica, con moitos colectivos, moita inquietude tanto cultural como social; polo tanto, calquer investimento que por parte do Concello se faga para dar cobertura a esas demandas xa antigas dos veciños de Sabarís, aparentemente pódenos parecer ben.

O problema que temos é que dámos a impresión que a proposta que trae aquí o goberno municipal non vai a dar resposta ás demandas dos veciños; dá a impresión de que é unha alternativa que da o goberno sen moito estudio, sen concretar exactamente cales son as demandas; non responde, dende o noso punto de vista, ás demandas dos veciños; entendemos que esta infraestrutura que se pretende crear e privatizar en Sabarís non vai a ser en ningún momento un Centro cívico, un centro que dinamice as inquietudes dos veciños de Sabarís, e se transformará directamente nun espazo de uso case particular dun sector determinado desta Parroquia, ao cal tamén se ten dereito, non o estamos negando a ninguén, pero parécenos que non vai a satisfacer as demandas de tódolos veciños. Entendemos que ésta non debería ser a resposta por parte do goberno a esta Parroquia, hai que dar outras alternativas, outras iniciativas; ésta concretamente non nos parece a máis axeitada.

Tampouco confiamos excesivamente en que este tipo de concesión, a 40 anos, poida ter un resultado que garanta o funcionamento durante todo ese tempo, non sabemos si este tipo de estudos de viabilidade que ó final están fallándonos todos, como ocorreu co estudio da Palma que parece que agora presenta certas dificultades, ou ó do parking do Aral; son un tipo de solucións que se dan por parte do goberno municipal como a postura máis cómoda, sen moito traballo, e parece que se queren sacar un morto de encima sen ningún tipo de reflexión e sen interese por satisfacer as demandas dos veciños; polo tanto nós temos as nosas dúbidas sobre a utilidade deste Centro; moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.** - O núcleo urbano de Sabarís é o segundo núcleo máis importante deste Concello e pola contra, polo que existe a día de hoxe, é o último en infraestruturas deportivas, e me refiro ó último en infraestruturas deportivas de uso público, xa que aínda que existe alí ún dos centros deportivos máis modernos, o nivel económico alto que existe para pertencer a él, aínda que agora mesmo se atope pechado, pero era así cando se abriu, pois lóxicamente impide que calquer veciño de a pé poida acceder a él sen dúbida por este alto coste económico que supón. Polo tanto estamos ante unha situación de desequilibrio no Concello tanto nas infraestruturas deportivas como cívicas, é dicir, en Sabarís existe un Centro social, privado, e no resto das Parroquias, xa sexa por parte municipal ou por parte doutros organismos como son as Comunidades de Montes, sí teñen centros cívicos ou sociais, e incluso deportivos.

Nos presentan aquí vostedes un estudio de viabilidade sobre o cal xa temos as nosas dúbidas, simplemente polo resultado que deron os distintos estudos de viabilidade económica que nos presentaron cando foi de obras como as do parking soterrado do Aral; en todo caso, seguramente que coincide con postulados da dereita, do PP, pero dende logo está bastante lonxe dos postulados que nós defendemos no noso grupo.

Dí a memoria deste estudio: *"La decisión sobre el modelo a adoptar para la implantación de los proyectos no puede quedarse fuera de la perspectiva dominante actual, que aunque da por supuesto el mantenimiento de la titularidad pública de los equipamientos, recomienda la externalización de la explotación hacia el sector privado, como una opción adecuada por varias razones:*

*- Disminuye el coste económico de inversión que ha de asumir la Administración, liberando recursos para la consecución de otros proyectos de interés general. ( Iso é certo, ao Concello non lle costa teóricamente un duro xa que non ten que facer inversión económica ningunha, a inversión que aporta o Concello é a propiedade do terreo que lle foi concedida pola tramitación do Plan Parcial).*



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

- *La racionalización y contención de los costes.* (Isto non o entendo: que a iniciativa privada permita a racionalización e contención dos costes; dá a entender que non o fai a Administración Pública, polo tanto nós estamos totalmente en contra deste punto).

- *Incrementa la agilidad y flexibilidad del servicio.* (Máis do mesmo, seguen decindo que o que están facendo as Institucións públicas o están facendo mal; algo de razón teñen).

- *Los niveles de calidad asistencial pueden ser iguales o más elevados que en una oferta estrictamente pública.*

Esta é a filosofía da dereita, está é a filosofía do PP en tódalas Institucións; de feito, dende que vostedes chegaron aquí non fixeron nada máis que privatizar os servizos, falo do punto limpo, da limpeza, etc.; isto ó final redunda na calidade dos servizos ós veciños, encarecéndoos, e o fan simplemente porque a xestión pola parte política deste goberno non funciona, esa é a realidade. En todo casos non sabemos que alcance vai ter esta concesión e esperemos que en todo caso non vaia haber acordos solapados como parece ser que os houbo na concesión do aparcamento do Aral onde fai uns días podemos leer, na denuncia que presentaba SOFRANDA, que había un acordo entre o promotor dese aparcadoiro e o goberno deste Concello onde o goberno se comprometía a retirar prazas de aparcamento gratuítas da superficie para que foran os veciños a aparcar a ese parking; onde se comprometía o Concello a ampliar zonas de carga e descarga co único fin de eliminar prazas de superficie gratuítas; iso é o que pón na denuncia de SOFRANDA, e que, en todo caso, senón é certo, o Concello debería presentar unha demanda no Xulgado.

Non sabemos se isto ó final vai a dar con que vostedes para que se enchan as piscinas dese Centro cívico e social van a prohibir ir a bañarnos á praia Ladeira, porque capaces son.

Estes estudos de viabilidade xa os poño en dúbida, como decía ó principio, aínda que hai unha cuestión que está clara: o negocio aquí está asegurado; o negocio redondo; e lle vou a decir porqué: o programa do PP coincide co programa do promotor do Plan Parcial, exactamente, nos mesmos puntos, e lle vou a decir porqué Sr. Alcalde: todo o que se faga, todo o que se cobre neste proxecto, todo o diñeiro é para o peto, porque pagado xa está; cada veciño que mercou unha vivenda no Plan Parcial pagou parte dese proxecto, porque o promotor cando lle vendeu os chalets adosados comprometeuse en que ía haber un recinto cun Centro cívico e social, con piscinas e pistas de paddle, e o promotor vai a cumprir a súa promesa, ten que cumprila porque xa cobrou; e evidentemente se hai 200 chalets e o Centro vale 100 millóns pois o reparto é moi fácil e non é gravoso. A nosa postura, Sr. Alcalde, é decirlle que non nos parece correcta esta xestión e que estamos en contra de que se privaticen espazos de uso público para beneficio duns poucos; non nos parece correcto, e tampouso que se lles siga facendo "caldo" ós promotores, polo tanto o noso voto vai ser en contra. Nada máis, moitas grazas.

**SR. VILAR, CMÑ.-** Dende o noso punto de vista como responsables do goberno municipal, e ademais como coñecedores da realidade de Baiona nestes últimos anos, nos que se conseguiron unha serie de instalacións emblemáticas grazas ó desenvolvemento urbanístico de Baiona marcado no PXOU vixente (digo vixente porque temos boas expectativas para sacar adiante o Plan Xeral), consideramos que a única forma de obter terreo para infraestruturas culturais, deportivas, é sempre a través do planeamento urbanístico; planeamento urbanístico que nos posibilitou a creación do campo de fútbol de Val de Martín, que nos posibilitou a construción do campo de fútbol do Aral, coas cesións do 15% daquela, para propiedade municipal incluso de todo o conxunto global, que posibilitou que no Aral incluso se ubicara un Centro médico emblemático, e onde temos tamén a posibilidade de colocar a futura piscina municipal; todo iso é grazas ó planeamento urbanístico. Ese planeamento tamén deu no Aral a posibilidade de construír o Pavillón Municipal de Deportes nuns terreos que antes eran privados e grazas a darlle unha parte do 15%, a través dun convenio urbanístico, conseguimos os terreos para o Pavillón de Deportes e toda a súa zona; todo isto é posible grazas ó planeamento urbanístico, ó desenvolvemento dos diferentes Plans Parciais que posibilitan que Baiona teña instalacións deportivas; e isto hai que extrapolálo tamén a Sabarís, á parroquia de Santa Cristina, que evidentemente ten carencia de instalacións deportivas, e onde agora grazas ó desenvolvemento urbanístico temos esa posibilidade; e teño que lamentar que Santa Cristina non teña Pavillón de Deportes porque



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

aquí houbo un responsable con nome e apellidos que se chama Xose Enrique Fernández; él foi o principal responsable de que no exista alí terreo adecuado para construír un Pavillón de Deportes; fixeron unha pinza entre os representantes do PSOE e os representantes do BNG coa colaboración do señor Benigno Rodríguez Quintas, que daquela hábilmente abandonou o Pleno, e non aceptara unha proposta que fixera CMN para ubicar nas parcelas de cesión obrigatoria do PERI III e do PERI IV para que se uniran esas parcelas e nos quedara no que é a Avenida de Sabarís un espazo e unha parcela para construír un Pavillón de Deportes; e creo recordar que naquel Pleno histórico, porque foi a primeira vez que se interrompíra un Pleno, soamente CMN e o PP defenderon esa postura; lamentablemente esa persoa que dí ser o principal defensor de Sabarís, o señor Xosé Enrique, foi o principal culpable de que en Sabarís non exista unha parcela unificada no PERI III e no PERI IV e que poderamos ter ahí un terreo para o Pavillón de Sabarís.

A demagogia que utiliza este señor as veces, amparándose no BNG, nun Pleno, é realmente vergonzosa e lamentable; vai de defensor de Sabarís e resulta que é o principal culpable de que alí non exista esa instalación; e agora, que nós presentamos a posibilidade de que no PP Escubichas 2, teñamos un centro que poda dar servizo a tódala Parroquia, se pón a criticálo de maneira frontal decindo que él non está a favor dese Centro e que é unha privatización. Nos parece que é unha postura farisaica, absurda, e que non responde ós intereses de Sabarís. Qué dúbida cabe que para que teñamos Centros públicos hai que xestionálos; e a veces, a privatización deses Centros dá xestión, é positiva; a nadie dos aquí presentes se lle ocorre pór en entredito o funcionamento da piscina mancomunada do Val Miñor; ese é o exemplo dunha privatización da xestión, e non lle costa nada ós Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar; está privatizada e funciona de maravilla, a uns prezos moi asequibles. Polo tanto entendemos que a xestión dos Centros municipais, as privatizacións, son boas; iso sí, teñen que ser privatizacións controladas; por iso nós vimos aquí ó Pleno cuns pregos que controlan todo, dende a "a" ata a "z"; e os pregos son os que marcan as regras do xogo para as concesións e para o funcionamento das instalacións; do mesmo xeito, xa que tocou aquí de maneira colateral, é o funcionamento do parking do Aral, hai uns pregos que marcan as regras, igual que as marcan os da Palma; as compañías concesionarias o que teñen que ter é capacidade de xestión, e esa capacidade de xestión é a que teñen que demostrar; e o que é obrigatorio o Concello ten que cumprilo, por suposto que sí, pero a capacidade de xestión é responsabilidade das empresas concesionarias. Teño que dicir que no parking do Aral fíxose unha oferta ós veciños do casco histórico de Baiona e a maioría déles teñen alí os seus coches, esa oferta se podería estender a todo o casco de Baiona para facilitar que a xente teña seus aparcamentos; hai que pensar que por sorte Baiona ten dous aparcadoiros emblemáticos; outros Concellos, como por exemplo Pontearreas, sacou a concesión un aparcamento e quedou deserto, o que significa que nós fixemos as cousas ben porque houbo unha empresa que fixo, construíu, e o aparcamento está ahí funcionando; isto llo digo como tema colateral aínda que non ten moito que ver con este punto que tratamos, pero como llo sacaron eu teño que deixar as cousas claras.

Dende o punto de vista do goberno municipal creemos que esta é unha política acertada, coherente, para dotar a todo o Concello de Baiona de instalacións deportivas, e que esta é a liña que se debe seguir, incluso nos Tendais, incluso no PERI V, onde vamos a obtér amplas zonas para infraestruturas deportivas; ésta é a liña racional, a liña de responsabilidade de goberno, é a liña legal porque nos axustamos ó PXOU; isto non é facer barbaridades como aquel plan extramunicipal que se quería facer de vivendas de protección, acotando, iso sí que era unha auténtica barbaridade, pero isto non, isto é correcto. O que sí me sorprende, aínda que agora xa non me sorprende nada, o BNG agora está onde tiña que estar: non "non", ocupando a rúa, decindo que non, facendo mobilizacións, e radicalizándose, isa é a liña; a mín me doe moitísimo que o BNG vote que non a este proxecto; esa é unha puñalada traperera do BNG un voto que "non" a este proxecto; eu espero que coa incorporación do señor Roberto non se radicalice o BNG.

Nós estamos a favor deste punto, en defensa de Sabarís; os que voten que non estarán en contra de Sabarís; estamos a favor de Sabarís e por iso votamos que sí. Moitas grazas.



EXCMO. CONCELO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.RODAL, PP.-** La realidad es que Sabarís va a tener un centro lúdico, un centro de bienestar; antes comentaban que era un Centro que no cumplía todas las peticiones de los vecinos de la parroquia de Santa Cristina, pero lo cierto es que el terreno dá para lo que dá, es un terreno que no llega a los 1.000 m<sup>2</sup>, tiene una edificación y se ha aprovechado al máximo; me imagino que el Sr.Lores y el Sr.Fernández han visto todo el dossier, todo el estudio de viabilidad económico y financiero, imagino que lo habrán visto todo para preparar este Pleno; yo creo realmente que el estudio está muy bien. Nosotros nos preocupamos de todas las Parroquias, y del centro también, lógicamente. En Sabarís está el Centro Antena, que se situó en la casa rosa en la zona de relleno, y que fué en la época suya, cuando ustedes dijeron que ahí se iba a instalar un Centro multifunción de informática y público, pero nosotros también pensamos que tenía mayores posibilidades y creamos ahí el primer observatorio de la naturaleza, totalmente cubierto; también creamos el primer parque infantil de Sabarís, propio de Sabarís; estamos trabajando siempre por Sabarís igual que por las demás parroquias, y en este caso se buscó un terreno que tenía esta dotación y se va a crear este Centro lúdico y deportivo que se gestionará de la mejor manera posible.

También decían que en Sabarís tenía que haber más infraestructuras, sociales; el señor Fernández comentaba que otras Comunidades de Montes sí habían hecho Centros culturales y otra serie de instalaciones en sus parroquias, bueno, nos parece perfecto, el Concello está por apostar por instalaciones municipales pero otras entidades también pueden ayudar.

Sobre la piscina mancomunada que en su día se creó, decir que Nigrán puso el terreno, se gestionó por los 3 Ayuntamientos, y es una gestión privada; creemos que las gestiones privadas a veces tienen una optimización del servicio, tanto sea a nivel lúdico como a nivel deportivo, entonces por eso entendemos que posiblemente sea la mejor solución.

Decía también el Sr.Fernández que esto es un sistema del PP; pues sus compañeros en Vigo van a crear 3 piscinas por este mismo sistema de concesión, van a utilizar este mismo sistema porque entenderán que a veces no todo es política, verán que es lo mejor para la gestión y, en este caso, lo mejor para los vigueses; igual que nosotros, este equipo de gobierno, entiende que esto es lo mejor para los baioneses, y en concreto, sobre todo, para los de la zona de Santa Cristina de la Ramallosa; y que no solamente va a ser para la gente que habite en esos chalets, que por cierto la mayoría vendrá en verano; obviamente las piscinas de esta instalación son exteriores, tendrá más uso en verano, epro también es para que la gente lo utilice en invierno; imagino que esos chalets no estarán tan ocupados en invierno.

Desde el equipo de gobierno siempre trabajamos para que las cosas funcionen, y lo mejor posible; y claro que nos encantaría tener macroestructuras, una piscina en el centro de Baiona, otra en Baredo, y en Belesar, etc., pero eso no puede ser, no es viable. Nosotros trabajamos y hacemos las cosas, no decimos como decían ustedes "imos facer", ó "íamos a facer"; esto es gestión, no es ningún compromiso electoral, es gestión; en este caso hay esta oportunidad y nos gustaría que ustedes lo apoyasen. Podrían haber puesto alguna enmienda cuando tuvimos la Comisión Informativa porque imagino que habrán leído todo el Pliego y podrían haber dicho algo que les pareciese mal; de todos modos, si lo han leído, imagino que saben que hay un concurso en el que estaremos todos los grupos políticos, y cuando salga una empresa para la gestión, 3 meses después de que empiece la explotación nos tendrá que presentar a nosotros, al equipo que gestiona desde el Ayuntamiento, que vea toda la gestión como se está llevando a cabo y podemos hacer todas las enmiendas que queramos, o sea, que el Ayuntamiento va a controlar esta gestión, va a controlar el funcionamiento de este servicio cívico, social, y deportivo. También se trabajó en Sabarís en el tema de la humanización, se ha hecho un estudio, se han presentado distintas empresas, y ésto será el proyecto grande de Sabarís, el cambio grande en Sabarís; se verá más bien la zona lúdica si realmente hay un Centro cultural en pleno centro de Sabarís; ahora mismo es el terreno que hay, obviamente estamos seguros y convencidos de que es mucho más efectivo que haya esta instalación (ue es la máxima en este terreno) que no que el terreno siga como hasta ahora; si ustedes prefieren que siga como hasta ahora ó que plantemos verde allí, me parece estupendo que lo piensen, pero nosotros no, y espero que todos podamos ver en un plazo breve de tiempo como realmente todos los usuarios están encantados de poder optimizar estos servicios. Muchas gracias.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**SR.LORES, PSOE.**- O Sr.Vilar ten por costumbre en tódolos Plenos falar das súas obras emblemáticas; practicamente é todo emblemático o que fixo o Sr.Vilar; emblemático sobre todo polo nome porque podemos dicir "pista polideportiva exterior en Baiona", sí, pero resulta que non pode haber nin unha soa proba porque non é regulamentaria, polo tanto, emblemático será o nome, non a instalación. Así podemos tamén falar do carril-bici, que a veces ocasionanse auténticas problemáticas entre os que vamos a pé e os que van en bicicleta, polo tanto emblemático é o nome outra vez pero non a instalación. Agora fala de que tamén vai a ser emblemática a piscina que se vai facer nos Tendales, vai a ser emblemática porque se sacrifican 45 vivendas, por iso vai a ser emblemática; será emblemático o nome, pero tamén o sacrificio, o coste que ten; serán obras emblemáticas para o Sr.Vilar, pero non sempre coinciden coas necesidades dos veciños, non sempre; creo que temos que empezarmos xa a ver as cousas e analizálas, o que se dí que é emblemático pode ser que o sexa porque se lle pón un gran nome, pero realmente os servizos, as dotacións, e o que cubre das necesidades dos veciños, a veces é emblemático xustamente polo contrario: porque non as cubre.

En canto ó sistema nós nunca nos opomos a este tipo de concesións, pero claro, se é unha concesión de 40 anos xa é distinto ó sistema de xestión da piscina mancomunada porque ésta é unha obra mancomunada que conleva unha xestión; pero isto é distinto: isto xa é unha concesión, é a concesión dun terreo para explotación particular, privada; e nós, si cumpre cos servizos e coas demandas dos veciños tampouco nunca nos opuxemos a ese tipo de xestión, por ahí non vai a crítica; a crítica vai porque entendemos que isto é simplemente falta de traballo e de xestión Sr.Rodal; esta é a crítica que queremos facer; simplemente hai un terreo, aparece unha solución privada e por parte do Concello sen máis análise, sen máis preocupación, dáse e quitamos un morto de encima; esa é a impresión que nos dá a nós; volven a dicir que hai xestión e xestión simplemente porque se fan cousas, non sabemos si esas cousas sirven ou non sirven, simplemente "facemos"; esa é a nosa crítica, que parece, baixo o noso punto de vista, que esta instalación, este servizo, non responde ás demandas dos veciños e veciñas de Sabarís, esa é a nosa crítica.

Tamén é a nosa crítica que este tipo de instalación vai a estar fundamentalmente adicada a un núcleo moi determinado e moi concreto, non vai a cubrir as necesidades de tódala parroquia de Santa Cristina. Non sei si é certo, como decía o Sr.Fernández, se isto xa estaba premeditado polos promotores, eu non o sei e polo tanto non o afirmo, pero o que sí está claro é que isto vai destinado a ese colectivo de vivendas que fundamentalmente son de xente que ven a disfrutar do noso Concello no verán, co que non temos nada en contra, pero o certo é que vai máis destinada a ese colectivo que ós nosos veciños; digamos as cousas polo seu nome e non intentemos meter no mesmo paquete a todo o mundo.

Pedimos que o control desta instalación sexa riguroso e que se trate de adaptar o máximo esta instalación ós veciños e veciñas da parroquia. O noso voto vai a ser de abstención.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Sr.Vilar, resulta que estivo vostede 12 anos gobernando neste pobo con maioría absoluta, ou case todos eles, creo que leva na totalidade 25 anos, ou arredor deles, de gobernante, e resulta que é o gran benefactor de Sabarís, e quen lle fala é o culpable de tódalas desgracias do meu pobo, manda caray; cada ún, Sr.Vilar, ten o crédito que ten; e os veciños de Sabarís me imaxino que cando escoiten as súas verbas vanse a esmendrellar de risa porque é certo que, como dí vostede, Sabarís carece de infraestructuras, e será certo que senón existen infraestructuras é porque o goberno que estaba no poder non as fixo, é dicir: vostede.

Tamén é certo que houbo unha xestión urbanística nuns PERIS onde vostede, fora de tempo, presentou unha proposta que se houbera sido en tempo e forma houbera saído adiante; pero fora de tempo non; non se poden facer as cousas así, cando a ún se lle ocorren; porque por encima de todo, o que ten que ser un bó gobernante, é ser serio; serio con todo o mundo: cos que promoven e cos veciños, con todo o mundo, por iso cada ún ten o crédito que ten.

Fai vostede unhas afirmacións ó longo da súa intervención coas que non estou en absoluto dacordo; dí vostede que a privatización non costa nada, ¿cómo que non costa nada?, dígame vostede qué empresa neste país se presenta a un Concurso para perder cartos; se hai algunha,





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

algo oscuro hai detrás déla; se as empresas se presentan para gañar diñeiro é que fan unha xestión do servizo e teñen un beneficio, polo tanto os custos máis os beneficios son os que pagan os veciños; si esa xestión é municipal os beneficios os veciños os aforran, así de simple. E efectivamente cando hai inversións fortes que facer o Concello non pode asumir eses custos, pero é que estamos falando de menos de 600.000 euros de inversión; 600.000 euros son os que van a gastar vostedes en menos de 25 anos na rúa Elduayen, por segunda vez; primeiro gastaron os diñeiros das Parroquias na rúa Elduayen para pór o piso de pedra, e agora vólvense a gastar 100 millóns máis, no espazo de tempo que vostede estivo gobernando, é decir, en menos de 25 anos, menuda rentabilidade; sae o metro cadrado da rúa Elduayen a prezo de ouro, por facer as cousas mal e pola mala xestión sua como Alcalde.

Falou tamén vostede do parking do Aral, porque eu o nomeei, e eu simplemente lle digo que houbo un acordo solapado según as manifestacións de SOFRANDA, o poñen eles no documento; si é mentira deberán leválo ó Xulgado e que demostren que o que dicen é verdade, porque senón están pódos a vostedes en tela de xuízo; eles dicen unha cousa e vostedes dicen que non a dixeron, a ver quen dí a verdade, será convinte que o xuíz, a persoa responsable, que dirima, e que diga "pois é certo o que dí este señor, ou non é certo"; en todo caso eu non me quedaría coas mans no bolsillo e aquí non pasa nada; si eles dicen e vostedes calan, "o que cala otorga". Esta foi a referencia que fixen.

Tamén acusou ó BNG de estar na rúa; de ser os do "non"; e os seus socios de goberno (compañeiros de partido, porque ó final todo é o mesmo) estoulle recordando que fai uns pouquiños meses nas rúas de Santiago se manifestaron, ó carón de Galicia Bilingue, en contra do idioma galego; os do "non" son os do PP; os que ían disfrazados de vacas decindo que o galego soamente servía para falar coas vacas; eses son os que saen á rúa e os que dicen non a todo; a ver o que dicen a partir de agora.

Sr.Vilar, eu lle pediría que faga un esforzo e que non siga defendendo tanto a Sabarís, xa lle dixen máis dunha vez que vostede é como a pitón: canto máis quere a alguén e o apreta, máis o afoga; permítame o similar, non é co ánimo de ofender.

Sr.Rodal, vostedes presumen de que traballan continuamente por Sabarís, é que é o que teñen que facer, para todos, efectivamente, pero evidentemente non compartimos os mesmos criterios nin a mesma filosofía coa que vostedes traballan, non a compartimos; dí vostede que a Comunidade de Montes suple ó Concello, que traballan co Concello coordinadamente facendo cousas; as Comunidades de Montes non están para iso; as Comunidades de Montes se ven forzadas a facer certas instalacións que o Concello non fai, pero a responsabilidade de manter esas instalacións e de leválas a cabo é do Concello; os servizos ós veciños os teñe que dar o Concello, non as Comunidades de Montes.

Tamén falou de que se ía facer unha piscina, que se vai a poder usar no verán, e que tódolos veciños, como no inverno haberá pouca xente nos chalets, poderán usar as instalacións, ¡pois a ver quen é o artista que se vai a bañar no mes de decembro nas piscinas!, creo que non vai haber moitos voluntarios; eu non entrei en ningún momento no tema de que se fixeran piscinas ou se fixera outra cousa, pero nós faríamos outra cousa, non faríamos piscinas ahí, pero é que as teñen que facer porque cando os propietarios mercaron os chalets así estaba o acordo, por iso dixen eu que é un compromiso que ten o promotor cos propietarios, e que vostedes colleron o testigo e tiraron para adiante sen importarlles máis, pero isto non cubre as necesidades dos veciños, nin totales nin mínimas; en Sabarís, a día de hoxe, non hai unha soa cancha de ténis pública; en Baiona sí, en Baiona hai cancha de ténis, no Colexio Público.

Tamén dixo: ¿qué pretenden, que siga o terreo igual?, home, pois non, porque para algo lle pagarán, digo eu; lle pagarán ó equipo de goberno do Concello para que traballe. Podemos criticar que se faga unha pista de ténis, que se faga unha cancha de paddle, unha piscina, duas, un ximnasio, podemos criticálo, estar dacordo ou non estar dacordo, e poden vostedes acertar ou non, pero o que non se debe facer é seguirlle á cola ós promotores inmobiliarios para cumprir os seus compromisos privatizando un espazo público de maneira que para os veciños o único que vai resultar con esa xestión vai ser que teñan que pagar un servizo máis caro que se fora municipal, que non digo que non tiveran que pagar se fora municipal, claro que terían que pagar un mantemento e un uso, pero hai moita diferenza entre que a xestión sexa pública a



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

que sexa privada, iso cae de caixón, porque como lle dixen antes ó Sr.Vilar é que as empresas terán que ter algún beneficio, digo eu, ¿ou é que hai empresas que veñen de caridade a facer o ben social porque sí?, eu dende logo non coñezo ningunha; se a empresa fai unha xestión, lóxicamente é porque ten unha rentabilidade económica, e punto.

O noso voto xa lle dixen que vai ser en contra porque non creemos que a xestión sexa a correcta, nin creemos nos usos que se lle van a dar, pero é unha cuestión de criterio político e poden estar máis ou menos acertados, pero dende logo a xestión non é a correcta para nós e por ese motivo vamos a votar en contra, porque senón evidentemente tódolo que sexan infraestructuras (e sobre todo as que non existen en Sabarís) por suposto que vamos apoiálas, en Sabarís, en Baredo, en Belesar, en Baiona, e onde sexa, pero con inversión pública, non con inversión privada, aínda que volvo a repetir: hai xestións que debido ó seu elevado coste a veces pode ser interesante chegar a un acordo de privatización, pero en temas moi ben xustificadas; non é éste o caso; nós entendemos que non o é.

**SR.VILAR, CMÑ.-** En primer lugar, contestarlle con tódolos meus respetos ó portavoz do PSOE, que planteou un tema que pode ser susceptible de polémica como é a construción dunha piscina no Aral onde antes ían vivendas; quero que quede claro que dende a nosa aportación ó goberno de Baiona non estamos en absoluto en contra da construción de vivendas de protección autonómica alí onde realmente se poidan facer, a proba está que somos dos poucos Concellos de Galicia que ofertamos vivendas á anterior Xunta de Galicia para levar adiante ese Plan, houbo concursos públicos, unhas se adxudicaron a cooperativas, outras a unha empresa, e no noso ánimo está facer vivendas; espero que quen lles fala non sexa dudosos porque no seu momento, durante o meu mandato de Alcalde, tivemos que facer vivendas de protección en Escubichas, o que demostra que xa estabamos por esa labor.

Somos conscientes tamén de que as vivendas hai que redistribuílas en todo o Concello evitando facer guetos onde teñamos masificación excesiva, por iso o Plan que quería presentar o BNG, extramunicipal, para construción de vivendas, nos parecía unha auténtica barbaridade.

En canto ós Tendais, creemos que é unha zona xa saturada de vivendas porque os servizos que Os Tendais ofrecen non é so para o seu Plan Parcial, senón que abarca todo o colectivo de vivendas do casco e do núcleo de Baiona, por iso a prioridade nos Tendais ten que ser o aproveitamento dos espazos para obras de interese colectivo; e poño un exemplo: nos Tendais ubicouse un aparcadoiro público, un Pavillón de Deportes, o campo de fútbol do Aral onde están as escolas do Erizana, vaise ubicar unha futura piscina, alí está o Centro médico de Saude, está o INEM recentemente trasladado ahí, que por certo, foi unha obra importante que temos que agradecer á Xunta de Galicia que aceptara a nosa proposta, e nós cando foi a inauguración estivemos alí. O feito de non facer ahí vivendas non é un capricho senón que é ter unha visión colectiva do que é o conxunto de Baiona, especialmente da zona do casco. Repito que a masificación vai contra a calidade de vida e creo que isto é algo que non podemos descuidar en ningunha zona de Baiona; se Baiona se ten que caracterizar por algo é porque é un Concello eminentemente urbano na súa franxa litoral e a calidade de vida dos que aquí habitan ten que ser fundamental. Baiona non é Navía, nin son outras zonas como Porriño, onde se apostou moitísimo por un crecemento sen a calidade que hai que darlle ós veciños; nos apostamos por outra cousa.

En canto ó que decía o BNG, ún xa vai facéndose maior, xa levamos moitos anos en política asumindo responsabilidades dende a Alcaldía e lle podo asegurar que cando eu me sentei por primeira vez na Alcaldía ésta se fundía porque o piso era de madeira, no teito chovía, non tiñamos Plan Xeral, esa foi a primeira sensación, e a mín me alegra que os Alcaldes que veñen a continuación teñen un traballo feito, e ese traballo feito serve para ir progresando e para ir mellorando; e a sensación que había en Sabarís, onde vostede vivía placentemente na Avenida de Sabarís, era: sen aceras, sen alcantarillado, sen auga da traída, con verquidos ós ríos, sen alumeado (porque soamente había 4 postes alí), e a nosa política respecto a Sabarís foi colocar todo aquel alumeado dende A Parra ata a ponte de Ramallosa, colocar a auga, o saneamento, mellorar o acceso de circunvalación ensanchando a ponte para evitar os atascos, tomando decisións ás veces polémicas e duras como foi eliminar o campo de fútbol de Santa



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Marta que estaba ocupando unha zona medioambiental, construíndo en Baredo e eliminouse ese en Sabarís, non son decisións fáciles pero se fixeron. En fin, lle podería nomear moitísimas máis que melloraron a calidade de vida de Sabarís, e a súa.

Agora, afortunadamente, a Avenida urbana xa se consolidou, temos autopista, temos cousas que non caíron do ceo senón que foron decisións políticas apoiadas por Manuel Vilar daquela, cando tiña a máxima responsabilidade; e vostede é máis novo que eu e seguramente disfrutará moitos anos máis de Sabarís porque é lei de vida.

Pero sí que hai cousas que me decepcionan como por exemplo a pouca colaboración da Comunidade de Montes; en tódalas Parroquias se fixeron Centros Culturais, en Baredo, en Bahiña, en Belesar, que ademais dun Centro municipal teñen ún en marcha; en Baiona, que tamén teñen un proxecto de Centro Cultural nas Bouzas Trigas, cousa que me parece boa e positiva para os veciños de Santa María de Afora; pero en cambio en Sabarís non se presentou nunca ningunha iniciativa para levar adiante un centro, e sen embargo nós estamos dispostos a darlle terreos se vostedes están dispostos a invertir ahí; e claro, se fan cousas sen contar cos permisos, se pón en valor os petroglifos, cousa que me parece moi ben, pero o outro día houbo unha serie de xente que quixo acceder ós petroglifos e se atopou con que os terreos da presa estaban impracticables para poder acceder.

Creo que hai que colaborar doutra maneira en Sabarís e que ao mellor hai que cambiar o "chip" de certas Asociacións nas que o BNG ten moita influencia, non o olvidemos, porque non é so controlar ás Asociacións, hai que controlar e colaborar pola colectividade, cousa que non se está facendo en Sabarís, onde, afortunadamente, tamén lle recordo, agora hai unha marisma, que está posta en valor grazas ó paseo litoral que se fixo, e dí vostede que como sempre, sí, pero é que antes era o trasteiro; se fixo o paseo e se puxo en valor toda esa zona.

O que se fixo en Sabarís foi moito e bó para Sabarís, ¿qué ocorre?, que alí hai retos de futuro pero hai que manexar a realidade e ésta que vamos agora aquí a aprobar é unha realidade importante para Sabarís, como decía Angel cando a casa rosa se puxo en valor foi porque fixemos no seu día unha xestión para a cesión da casa rosa ó Concello de Baiona, e me parece perfecto o uso que se lle deu; esas son realidades. Agora ben, non é unha realidade cando lle fala a Comunidade de Montes de Sabarís de invertir nun centro mellor na zona de Sabarís, Escubichas 1, "non, non, que esa é a zona dos señoritos, esa xa non é nosa zona de influencia"; é parroquia de Sabarís, ¿porqué non plantexamos un tema de colaboración?, Sr.Fernández, o Concello está aberto á colaboración; o que non se pode é ter os cartos dos Montes nunha libreta na Caixa de Aforros, é dicir "temos tanto, pois que invertir na parroquia". O Sr.Fernández non é un defensor de Sabarís, e que ademais hoxe vote en contra este punto me parece que é unha puñalada traperera ós veciños de Sabarís; quero desenmascarar a este señor; nada máis.

**SR.ALCALDE.-** Este é un punto importante porque evidentemente que hai infraestructuras de maior tamaño, pero moitas veces creo que máis que falar de tamaño e de cuantía económica se trata de falar de funcionalidade; éste será un pequeno Centro, é certo, pero que vai a enriquecer algo que me gustaría recordar ós portavoces que se chama Santa Cristina da Ramallosa, neste caso falamos dun sitio concreto, falamos do barrio de Ramallosa, porque esa é a zona de Ramallosa, senón teríamos que falar de Ribeira, Outeiro, Morade, a propia Sabarís, Xuncal, Ladeira, Porta do Sol, pero dentro do que é o Concello temos que dar os nomes correctos porque non todo é Sabarís, Sabarís é unha pequena parte da parroquia de Santa Cristina, importante, pero unha parte; neste caso, o barrio onde está ubicado é Ramallosa, e este Centro non está pensado soamente para os veciños de alí senón que está aberto para todo aquel que queira practicar calquer deporte, paddle, ximnasio, ou da piscina. Esta infraestructura deportiva é importantísima, como tamén a é, e poño o exemplo da do Burgo, ou da de Ramallosa, na parte de Nigrán; pequenas infraestructuras deportivas que teñen unha gran actividade; todo o que sexa repartindo claramente entre todo o territorio do Concello vai ser bó. Evidentemente as grandes instalacións teñen que estar centralizadas e buscar un sitio onde se poida apostar por un maior número de xente. Hoxe é un día importante, se inicia aquí este tema, falta que ó Concurso se presenten empresas e nos den o avance de programa,



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

calculándose que o tempo do inicio da obra sería un ano. Creo importante, o dixeron tanto Angel como Manolo, que se implicaran tódolos grupos políticos, pero cada ún ten a sua responsabilidade e ten que asumíla.

---

**Sometido polo Sr.Alcalde a votación o presente punto, resultan: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 2,BNG; producíndose 6 abstencións, PSOE.**

---

**Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**Primeiro.- Aproba-lo expediente de contratación de concesión de obra pública de construción e explotación dun centro cívico social cun prazo de duración de corenta anos con procedemento aberto a oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación.**

**Segundo.- Aproba-los Pregos de Cláusulas Administrativas particulares, anteproxecto de explotación e prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.**

**Terceiro.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no DOUE, BOE, DOG e perfil do contratante para que no prazo que se sinale no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas.**

---

#### **5.-APROBACION, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO DO XUIZ TITULAR DO MUNICIPIO DE BAIONA.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.SECRETARIA**, quen da conta da seguinte:

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

En data 5 de febreiro de 2009 a Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da conta ó Concello de Baiona do vencemento do período de noemamento do xuíz de paz titular do Concello de Baiona

Por resolución de alcaldía de data 24/03/2009 aprobouse as bases da convocatoria a provisión do cargo de xuíz de paz titular do Concello de Baiona por un período de catro anos.

Resultando que as bases foron publicadas no BOP de Pontevedra número 71 de data 16 de abril de 2009.

Durante o prazo de presentación de solicitudes presentouse unha instancia por parte de D. Oscar Carreño Tato.

Visto que D. Oscar Carreño Tato cumpre todos os requisitos, propoño os membros do pleno, previo ditame da Comisión informativa o seguinte acordo:

**Primeiro.- Nomear a D. Oscar Carreño Tato xuíz titular do Concello de Baiona.**

**Segundo.- Remitir o presente acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.**



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

---

**SR.RODAL, PP.**- Desde el Partido Popular pedimos el apoyo de toda la Corporación Municipal en la elección de D. Oscar Carreño Tato como Juez Titular del Ayuntamiento de Baiona durante un período de 4 años pues cumple perfectamente con todos los requisitos para dicho cargo. Gracias.

**SR.LORES, PSOE.**- O grupo municipal socialista vai a votar a favor deste nomeamento.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Por parte do BNG nos vamos a abster.

---

**(Nestres intre abandoa a Sala o Sr.Manuel González Marcote, do PSOE).**

---

**SR.VILAR, CMÑ.**- Estamos a favor. Olvideime antes, no debate, de dar a benvinda ó señor Roberto Valverde e desexarlle os maiores éxitos como portavoz do BNG, e decirlle que contará sempre coa nosa colaboración.

---

**Sometido polo Sr.Alcalde a votación o presente punto, resultan: votos a favor, 14 (8,PP, 1,CMÑ, e 5,PSOE); producíndose 2 abstencións, BNG.**

---

**Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**Primeiro.**- Nomear a D. Oscar Carreño Tato xuíz titular do Concello de Baiona.

**Segundo.**- Remitir o presente acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**6.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA**, quen procede á lectura da seguinte:

**PROPUESTA DE ALCALDÍA**

En sesión plenaria de 18/12/08 se acordó aprobar el convenio de colaboración entre la Conselleria de Sanidade (SERGAS) y el Concello de Baiona para la asunción de los gastos de mantenimiento del Centro de Salud de Los Tendales.

Con fecha 05/03/09 el Pleno acordó la cesión patrimonial del inmueble donde se ubica el Centro de Salud al Servizo Galego de Saúde, de conformidad con lo estipulado en las Cláusulas Segunda y Tercera del Protocolo de Colaboración celebrado entre la Conselleria de Sanidade y la Federación Gallega de Municipios y Provincias.

Con fecha 03/04/09 se firmó el Convenio entre el Concello y la Conselleria de Sanidade-Servizo Galego de Saúde para la asunción de los costes de mantenimiento del Centro de Salud de Los Tendales.

En cumplimiento de los acuerdos plenarios antes citados se debe modificar la Ordenanza Fiscal reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles con el fin de recoger la exención en el pago del IBI del inmueble destinado a Centro de Salud al amparo de lo previsto en el artículo 62.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.



EXCMO. CONCELO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente **ACUERDO**:

**1º.-Aprobar la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, introduciendo un apartado 3 en el artículo 5 y modificando la Disposición Final, en los siguientes términos:**

*“3. La Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saude estará exento del pago del impuesto referente al inmueble con referencia catastral 2232101NG1623S0001QJ destinado a Centro de Salud, de conformidad con el acuerdo plenario de 05/03/09 por el que se acordó la cesión patrimonial del inmueble al Servizo Galego de Saude.*

*Esta exención estará en vigor siempre y cuando dicho inmueble este afecto al cumplimiento de las actividades sanitarias que le son inherentes, de acuerdo con lo establecido en el artículo 62.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales*

**DISPOSICIÓN FINAL:**

*La presente modificación entrará en vigor al día siguiente de la publicación del texto integro de la misma en el Boletín Oficial de la Provincia y comenzará a aplicarse con efectos 1 de enero de 2010”*

**2º.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.**

---

**SR.RODAL, PP.-** Ya en otros Plenos hemos tratado el tema del Centro de Salud de Los Tendales, de titularidad en principio municipal, ahora se cede al SERGAS para la asunción de los gastos del mantenimiento; obviamente nosotros pretendemos que soporten ellos este impuesto del IBI no habiendo ninguna variación para nuestras arcas municipales porque ya antes no teníamos este ingreso por ser propiedad nuestra.

**SR.LORES, PSOE.-** Efectivamente ésta é unha consecuencia daquela iniciativa da Consellería de Sanidade para reducir gastos ás Corporacións Locales, entón os gastos do Centro de Saude pasaron a depender directamente da Consellería, polo tanto nós estamos totalmente a favor e esperamos que dentro de 4 anos, cando volva a haber outro cambio na política da Xunta de Galicia, resolvamos tamén estes flecos por unha boa xestión dos actuais Conselleiros.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Vamos a votar tamén a favor, Sr.Alcalde, e esperamos que o novo executivo non dea marcha atrás.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Nos parece correcto.

**Sometido polo Sr.Alcalde a votación o presente punto resulta aprobado por unanimidade dos presentes.**

---

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**1º.-Aprobar la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, introduciendo un apartado 3 en el artículo 5 y modificando la Disposición Final, en los siguientes términos:**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

*"3. La Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saude estará exento del pago del impuesto referente al inmueble con referencia catastral 2232101NG1623S0001QJ destinado a Centro de Salud, de conformidad con el acuerdo plenario de 05/03/09 por el que se acordó la cesión patrimonial del inmueble al Servizo Galego de Saude.*

*Esta exención estará en vigor siempre y cuando dicho inmueble este afecto al cumplimiento de las actividades sanitarias que le son inherentes, de acuerdo con lo establecido en el artículo 62.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales*

**DISPOSICIÓN FINAL:**

*La presente modificación entrará en vigor al día siguiente de la publicación del texto integro de la misma en el Boletín Oficial de la Provincia y comenzará a aplicarse con efectos 1 de enero de 2010"*

**2º.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.**

---

## **7.-MOCIONS.**

### **-MOCION DE URXENCIA DO BNG.**

**SR.FERNANDEZ.-XUSTIFICACION DA URXENCIA.-** Creo que presentamos esta moción en tempo e forma para poder entrar na Comisión Informativa, non sabemos cal foi o motivo de que non fora así; non nos preocupa posto que temos o compromiso do Sr.Alcalde de que se aprobará a urxencia; en calquer caso o motivo da Urxencia é porque algún dos acordos solicitados nesta moción quedan fora de lugar a día de hoxe.

---

**Sometida polo Sr.Alcalde a votación a Urxencia da Moción, resulta aprobada por unanimidade dos presentes.**

---

### **MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONCELLO DE BAIONA SOBRE O 17 DE MAIO, EN DEFENSA DO IDIOMA GALEGO.**

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

Resulta evidente que o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. O respecto á legalidade vixente (Estatuto e Lei de Normalización Linguística) e a implementación de cambios legais na dirección da igualdade e da convivencia semellan non ir na dirección daqueles que aínda poñen proa ao dereito fundamental para que o galego goce no seu territorio do mesmo status legal que o castelán no seu.

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores -políticos e mediáticos- que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza por mor da suposta discriminación á que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua.

Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: non só non gozamos dunha realidade que permita a existencia e normalidade dos usos do noso idioma no día a



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

día, senón que ademáis resulta evidente un proceso de confusiónismo que pretende que as persoas galegofalantes non teñan dereitos lingüísticos, e que os únicos deberes para as Administracións Públicas queden referenciados ao uso castelán. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas.

De feito, un contundente informe do Consello de Europa elaborado a finais do pasado ano, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en sectores tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose de feito os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego.

Acreditamos que compete ao pobo galego, a través das súas institucións representativas, definir a política lingüística acorde co criterio de cooficialidade e de lingua propia que mesmo o actual Estatuto reconece para o noso idioma; exixindo das institucións de autogoberno a defensa da igualdade plena de dereitos para o galego e a aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos.

Non obstante, estamos a escoitar declaracións de persoas con cargos de alta responsabilidade no novo Goberno Galego que supoñen un ataque contra do galego e mesmo poden supoñer un perigo de confrontación e de fractura social; á marxe de ir contra de acordos unánimes do Parlamento Galego, nomeadamente contra o recollido no artigo 5 do Estatuto de Autonomía, que sinala o galego como lingua propia de Galiza e a obriga dos poderes públicos de potenciála nos diferentes ámbitos de uso.

Por isto é polo que solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Manifestar a votade da Corporación Municipal na defensa da nosa lingua e, especificamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais.

2º.- Apoiar o "Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego".

3º.- Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego e, concretamente, a convocada para o vindeiro 17 de maio en Santiago de Compostela.

---

**CONTINUA.-** Pido o apoio a esta Moción.

**SR.RODAL, PP.-** Desde el Partido Popular no podemos estar de acuerdo con esta moción; en esta exposición de motivos dicen que en los últimos años (y permítame que me exprese en castellano, creo que tengo derecho) asistimos a una situación "esperpéntica"; yo creo que la situación esperpéntica fué la que se demostró en estos últimos 4 años que estuvo gobernando el bipartito en la Xunta y ahí fué donde se creó toda la incertidumbre; creo que no debíamos imitar el caos que realmente pasó en Cataluña.

Hay dos lenguas oficiales, el gallego y el castellano, y pueden ir unidas, pueden convivir las dos juntas. Yo soy gallego y soy hispano hablante, hay gente gallega que utiliza las dos lenguas, y también hay gente gallega que habla en gallego, pero esto no quiere decir que uno sea más defensor de Galicia porque hable gallego que uno que no; la dos pueden sentir Galicia.

El problema de todo no es potenciar el gallego; claro que nosotros estamos de acuerdo en potenciarlo.





**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

También tocan en un punto a las Instituciones, y a la educación; decirle que últimamente sí potencian mucho más el gallego, otra cosa es "obligar"; nosotros no estamos de acuerdo con "obligar".

Potenciar sí, pero obligar no. Cualquier persona que pida un informe en el Ayuntamiento la mayoría de las veces se le dá en gallego, y está en su derecho de pedirlo en castellano, y viceversa: si lo pide en gallego y se le dá en castellano está en su derecho, por Ley, a que se le entregue en gallego; eso es lo que decimos: convivencia.

Cuando llegó la norma de junio del 2007 por Ley se obligó a que el 50%, como mínimo, de la Educación, fuera en gallego, pero no está diciendo que el otro 50% como mínimo fuera en castellano, y así pasó lo que pasó; la mayoría de la gente que estamos aquí tenemos hijos, y alguno nieta, inclusive, pues mi hijo tiene todas las materias, obligatoriamente, en gallego, menos "lengua castellana". Facultades, ¿qué pasó en las facultades?, pues lo mismo; en la mayoría toda la teoría es en gallego y hasta quieren, ó se quería inculcar, en las prácticas, el gallego, y tenemos que tener en cuenta que en la mayoría de las facultades hay gente incluso de otras nacionalidades; como pasó también en ciertos trabajos, en ciertas empresas que tiene que venir personal especializado pues al final no venían de otras partes de España porque si venían aquí sus hijos estaban obligados a entrar en una dinámica del gallego, cuando a lo mejor venían por un tiempo no definitivo; entonces no venían aquí, iban a otras zonas.

Nosotros estamos de acuerdo con la potenciación. Yo hace muy poquito estuve en la Feria de Bilbao, en el País Vasco, y allí la señalética es en las dos lenguas, es normal; y si hubiera una tercera lengua pues estaría en las tres lenguas; aquí no, aquí lo que se pretendía era exigir que hubiera una sola lengua, ¿cómo que no?; estamos además en un Municipio de Excelencia Turística.

Creo que ser gallego, ó sentirse gallego, es poner en valor todo lo que Galicia nos puede ofrecer; poner en valor nuestros molinos, como estamos haciendo; poner en valor nuestros paisajes, nuestra cultura, nuestras tradiciones, eso es poner en valor el gallego; y no poner pintadas, echando a nuestros turistas en todos los Municipios de Galicia, no coger propaganda electoral para pegarla en los árboles, que también son patrimonio gallego; eso no es sentir Galicia, sentir Galicia es vivirla todos los días, desde que nos levantamos hasta que nos acostamos.

Sr. Fernández, no se si recordará que hace un año yo intenté expresarme en este Pleno en gallego y puse toda mi buena voluntad, pero no me expresaba correctamente y no podía sentir lo que decía, pero yo puedo tener un diálogo con una persona en gallego y nos entendemos perfectamente; si algún día me obligan a hablar gallego porque es la única lengua oficial en esta tierra pues sí lo haré, pero mientras tenga la opción, ó mi hijo, de expresarme en castellano ó en gallego, lo haré en la lengua que yo desee.

Por cierto, yo me llamo Angel, pero mi hijo se llama Anxo, y cuando le pusimos el nombre en gallego a mí nadie me dió una subvención; digo esto porque últimamente todo es a base de imposiciones: si tienes un negocio y pones la propaganda en gallego, te dan una subvención; si le pones el nombre a tu hijo en gallego a lo mejor también te la dan; pues yo no, hablo en castellano pero le puse el nombre a mi hijo en gallego porque queríamos; creo que tiene que ser así, hacer las cosas de corazón, y obviamente que sí, que las instituciones deben potenciar el idioma gallego porque es cierto, en parte, lo que pone aquí de que la lengua gallega está atrasada con respecto al castellano en esta zona, pero todos tenemos que tener sentido común; yo siempre pongo el ejemplo cuando fué el concurso para la Policía Local, a mí un Policía Local me hablaba en gallego y me parece estupendo, pero le dije "también tiene que saber expresarte en castellano", porque cuando viene un turista de Cataluña, o de Andalucía, lo normal por educación es que si nos habla en castellano le contestemos en castellano para facilitarle su estancia en Baiona, y si es un gallego y quieres hablar en gallego pues también me parece estupendo; es cuestión de educación y de sentido común, pero no es cuestión de imposición.

Claro que nuestra tierra es preciosa y nuestro idioma es precioso, pero es cuestión de ser solidarios y de tener sentido común. Gracias.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**SR. LORES, PSOE.-** Parécenos unha moción moi oportuna despois da experiencia e da agresión que sufriu a nosa lingua no último ano, nos últimos 6 meses, que se utilizou en boa parte polo PP como un arma de confrontación e un arma de agresión entre galegos; a nós parécenos que habería que volver a poñer as cousas no seu sitio, e o galego é iso: unha manifestación da nosa Cultura, un vínculo de tódolos galegos, e polo tanto é algo moi importante para Galicia e que, primeiro, hai que respetar; absoluto respecto para a nosa lingua, e despois procurar defendéla. Nesta Moción se di "*a igualdade do galego*", é dicir, non estamos, non está neste caso o BNG, nin o PSOE, decindo que estamos en contra do castelán, nin moito menos, o que estamos é a favor do galego.

Os que sí puxeron un arma do galego contra o castelán foi o Partido Popular, iso paréceme, como pouco, unha irresponsabilidade e un uso electoralista dun dos maiores bens do noso pobo. O que se está pedindo aquí é respecto para a nosa lingua, que se poña en igualdade de condicións, que se procure que non desaparezca, iso parécenos fundamental, e o resto é unha cousa electoralista que non ven a conto, polo tanto non hai no noso país ese enfrentamento, ese debate, que se quixo levar entre os que falan galego e os que falan castelán, nin moito menos, e nas aulas tampouco, non existe esa confrontación; a convivencia é absoluta, e de feito o actual Presidente da Xunta foi o primeiro que o dixo: que non había ese enfrentamento, o dixo en canto tomou posesión, porque non existe. Non entendemos que se fale en contra do galego, nin o entendemos nin o respetamos. Parécenos oportuna esta Moción onde o galego se pón no sitio que ten que estar, que é un vínculo de unión e é a expresión da nosa cultura, polo tanto nós estamos absolutamente a favor desta moción. Moitas grazas.

**SR. VILAR, CMÑ.-** Me parece triste que teñamos que utilizar mocións para promocionar algo tan importante, tan ligado á nosa esencia, como é o idioma; sen dúbida a mín me gustaría que todo o mundo falara galego, que se falara moito máis, que o galego fora o noso idioma vehicular en toda Galicia, e que o castelán tamén se dominase; pero cando se utiliza a lingua para facer debate político entramos nun campo moi delicado. Eu, como profesional da Ensenanza, vivín a implantación do galego no Ensino dende o momento no que o galego era unha asignatura que se empezou a introducir e sempre fun un defensor acérrimo de dar as clases en galego se o medio mo permitía, de feito eu dín clases en zonas rurais en escolas unitarias onde tiña que expresarme en galego porque era o único idioma vehicular natural que tiña cos meus alumnos, incluso en colexios próximos como era o de Santa María de Oia onde exercín de Director, tamén alí era o galego o idioma vehicular posto que o 100% dos alumnos eran galego falantes, e eu daba as clases en galego con toda naturalidade. Evidentemente hai zonas, zonas urbanas, onde para a implantación do galego sen dúbida había que facer outra estratexia; o galego ahí ten moito máis sentido darllo como unha asignatura onde os alumnos vaian percibindo e se vaian introducindo no idioma galego con "amabilidade", é dicir, que se mire o galego como algo importante. Posiblemente dende que se instrumentalizou o galego e se lexislou sobre ó mesmo chegouse a unha confrontación, especialmente nas zonas urbanas máis castelán falantes, na que dalgún xeito se empezou a rexeitar o galego en certas asignaturas que se empezaban a implantar como unha imposición; esta é a realidade; isto levou a unha situación conflictiva que permitiu que co tempo se foran organizando e surxiran movementos como Galicia Bilingüe.

Como galego parlante, como profesor, e como persoa, sempre intentei incluír e falar en galego, especialmente en política; creo que foi na nosa lexislatura onde se empezou a falar aquí, nos Plenos, con normalidade en galego, de tal xeito que contabamos co apoio de Esquerda Galega e dos demais grupos políticos que estaban a favor de falar en galego, pero qué duda cabe que cando ven como unha imposición nos leva a un choque; ese choque non é bó, pero non é bó especialmente para o galego; a mín fastidiame que os alumnos empecen a coller unha especie de animadversión contra o idioma galego, iso é porque hai algo que non estamos facendo ben. Creo que o galego nas zonas urbanas tiña moita máis aceptación entre os escolares cando non era unha imposición; eu moitas veces en debates entre profesores sempre dixen que o galego debía ser unha "maría" e que a xente se acollera a falar galego coa máxima amabilidade; seguramente daría moito máis resultado.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

E todos sabemos que hai moitos profesores do Ensino que queren aplicar o galego, pero non é ese o ámbito natural; o ámbito natural é o que te expresa o medio; en moitas zonas hai que dar as clases en galego e tamén ensinar o castelán, pero en cambio noutras hai que usar como idioma vehicular o castelán e ensinar o galego como asignatura; isto é dunha complexidade enorme e poño exemplos entre zonas que eu vivín como profesor, unha cousa é a zona de Baiona e outra é Santa María de Oia, moi próxima pero cunha realidade completamente distinta.

Dende o noso punto de vista creemos que toda imposición dun idioma é mala, e que cando trátase de impoñelo sae máis beneficiado o outro idioma que dalgún xeito é o axente pasivo ó que se trata de marxinar; sabe beneficiado e con máis vigor.

Este é o gran debate que se plantexa hoxe en Galicia; o importante non é ter un idioma no Boletín, nin impórlo, senón que a xente o fale, e de feito, os grandes análises que se fan sobre a implantación do idioma, dende a Universidade, dende o Instituto da Cultura Galego, son de que o galego vai descendendo en número de practicantes, como idioma vehicular; e ese non ten que ser o obxectivo, o obxectivo ten que ser que cada vez o galego se fale moito máis. A mín encántame escoitar os partidos de fútbol en galego e por iso sempre vou á televisión de Galicia, me gusta escoitálos en galego e lamento que ó mellor nun bar esté o partido na Sexta e non esté na galega; o galego debía ser o noso idioma vehicular. Me fastidiou moitísimo unha noticia que leín o outro día: que o Himno Celta, que lóxicamente se cantaba en galego, a última vez se puxera en castelán, iso é aberrante; debemos defender sempre o galego.

Comentaba Angel algo sobre que a sinalización no País Vasco se pon en castelán e en euskera, pero é que o euskera non é un idioma de orixe latino, entón é imposible entender un letrado en euskera, polo que faise obrigado pórlo en castelán; eu son dos que defendo que aquí a sinalización sexa en galego exclusivamente, porque o galego é fácil de entender; non nos deben de doer prendas; respecto a estas polémicas, son máis partidario de que o galego debe de impórse dende a amabilidade e creo que isto se plantexou nas últimas eleccións autonómicas; o galego foi un obxecto de batalla política, e creo que Núñez Feijoo o planteou con moito sentido común: implantar o galego dende a amabilidade, como unha estratexia para que a xente o fale máis. A veces, cando hai un resultado electoral, os que perden poden pensar “é que perdín as eleccións porque se utilizou iso contra mín”, non, debemos de superar iso, creo que utilizar o idioma para facer manifestacións (como a que pretende facer o BNG o día 17) non é bó; hai que plantexarse unha estratexia conxunta para que o galego se implante e se fale máis, pero non facélo como imposición, porque cando se trata de facélo así, especialmente no Ensino, leva ó rechazo, e iso non é bó.

Eu, cos meus alumnos, non teño inconvinte ningún, sigo dando as miñas clases de matemáticas en galego e non pasa nada, pero a veces me fastidia que haxa chavales que se poidan sentir incómodos porque eu lles falo en galego; por iso digo que o tema é dunha delicadeza extraordinaria e é unha cuestión de estratexia; repito que a imposición nunca é boa; ó contrario; creo que o galego se falaría moito máis se houbera máis facilidades na liberdade de expresión; e sei que de todo isto se creou un “modus vivendi”, hai xente que vive en torno ó galego, como poden ser os profesionais do Ensino que están na rama linguística do galego, pero ese non debe ser o obxectivo; o obxectivo é manter un idioma vivo; o galego hai que intentar falálo e potenciálo, é unha cuestión de estratexia, e repito: dende a amabilidade obteríamos moitos mellores logros para que se impusera.

Eu deixaría que os que teñen responsabilidade de goberno actualmente na Xunta de Galicia, que están lexitimados para cambiar a Lei, que o fagan; para mín Núñez Feijoo non é unha persoa dudosá á hora de implantar o galego, nin creo que o PP se meta nunha confrontación para erradicar o galego, nadie debe pensar que é así; é unha cuestión de estratexia para poder falar máis o galego dende a liberdade e dende a amabilidade; polo tanto nos parece ben que a Xunta reconduzca este tema, que se corrixa os erros que posiblemente houbo nos últimos anos (hai que ser autocríticos) para implantar o galego, e sobre todo que non haxa confrontacións entre galegos e casteláns e que se fale moito máis o galego, que ó fin e ó cabo, é o obxectivo que debemos ter.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

Deberíamos deixar que a Xunta actúe con sentido común para implantar o galego cunha estratexia diferente non para marxinar o galego senón para intentar que se fale máis; hai que darlle ese márxese de oportunidade, e si efectivamente o fai mal posiblemente nas próximas eleccións os votantes cambiarán; creo que hai unha moción alternativa que se basa moito máis na liberdade que non na imposición.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Anotei o dunha moción alternativa porque xa sabemos porqué non no la deron. Sr.Vilar, a volta que deu vostede para xustificar o voto, Deus mío querido, ó final escarallouna; en todo caso fixo unha intervención fantástica en defensa do galego, non esperaba menos de vostede porque nos coñecemos dende fai moitos anos, acórdese que ún dos que levantou a mán para pórlo a vostede de Alcalde fun eu, do cal non me arrepinto porque sacamos a quen sacamos.

En todo caso, escapando das pirámides de idade que nos meten, presumindo da que ten cada ún, eu creo que vostede ten un longo historial na súa vida de galego falante, do cal me alegre, pero non concorda o que manifesta co que ó final vota; e podemos coincidir en varias cuestións; decía vostede que cando estaba en Oia dando clases falaban en galego os alumnos, vostede falaba en galego, pero é que iso precisamente non sucede en tódolos ámbitos, me refiro "nas mesmas circunstancias"; hai circunscricións onde se fala exclusivamente galego porque os nenos son todos galego falantes, todo o mundo nas casas fala galego, pero van á escola e acaban vindo para casa falando castelán, de feito ás miñas fillas dende que naceron eu lles falo en galego e elas falan castelán ou falan galego, dependendo, e nunca lles dixen nada, pero falan castelán porque lles ensinaron case todas as asignaturas en castelán, case todas.

Dixo vostede "o importante é que se fale galego"; esa é a cuestión; o importante é que se fale en galego; e hai que huir das imposicións; pero mire, é que estudar matemáticas non é unha imposición, é unha obriga, é un deber, para sacar un título de graduado, sexa do que sexa, hai que estudar unhas asignaturas, neste caso nós o que pedimos é que se cumpra a Lei; a Lei que fixo o PP; e todo este tinglado mediático que hai, dun conflito de imposicións e non sei qué, foi todo creado por intereses políticos, estrictamente; e o único partido político que está nesta teima é o PP, precisamente; apoiando manifestacións como a de Galicia Bilingue, onde había xente disfrazada, como dixen ó principio, de vacas, con letrados onde puña "el gallego solo sirve para hablar con las vacas"; eu me alegre de non haber estado alí, porque non sei o que pasaría porque iso é unha falta de respecto a tódolos galegos e galegas. E vostede sabe, como eu, que aquí hai un problema político de fondo, e vostede tivo que vivilo como o vivín eu, os que temos certa idade, os que estamos nesa franxa da pirámide da idade; vostede sabe que o galego foi perseguido; eu sufrín esa persecución do galego, e a mín se me cargaron exámenes por escribilos en galego, e tiveron que correr diante da Policía moitas veces por falar en galego, moitas veces, e vostede sabe que o que digo é certo, pero é que non soamente foi unha persecución física senón psicolóxica, sistemática. Sabe vostede que durante os 40 anos franquistas, de política franquista que sufriu este pobo, estiveron machacándonos día e noite con que falar galego era de paletos, de burros, de aldeanos, tercermundistas; iso calou moi fondo en parte da sociedade, na sociedade urbana precisamente; pois mire vostede, en Cataluña, os cataláns, intelixentemente, déronlle a volta á tortilla, e hoxe en día alí nin se plantexa esa problemática que se plantexa aquí porque ós cataláns teñen tan asumido interiormente falar en catalán, que para eles significa estar na clase alta, na burguesía catalana; esa é a cuestión política de fondo, por iso mesmo nós aquí temos que usar tódolos medio que nos da a Lei, feita polo PP, para conseguir, igual que se consegue que a xente estudie matemáticas, que os nenos e nenas galegos aprendan a falar o galego.

Vostede, Sr.Rodal, decía que intentou falar galego, é certo; pero mire, se alguén se ríe de vostede por falar en galego eu vou a estar ó seu lado, defendendoo a morte; non teña dúbida ningunha, eu lle pediría que o seguira intentando; intenteo que nós vamos a estar ó seu lado, sempre, e non vamos a consentir que ninguén se ría de vostede por este motivo.

Tamén dixo o Sr.Vilar que os galego falantes van descendendo, por algo será; si en tanto tempo de aplicación da lei, cos gobernantes que tivemos, descenderon, será porque a Lei non a aplicaron correctamente; cando se aplica correctamente o rebote político foi o que usaron para



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

ganar, en certa forma, as últimas eleccións autonómicas; foi ún dos argumentos; foron varios, pero ese foi ún déles.

Nós cremos que a polémica que existe agora mesmo é inexistente; a polémica á que fai relación sempre o PP non existe; vai a existir sempre e cando lle interese ó PP, vai a existir sempre que lle interese ter no candeiro esa faceta máis da política; no momento que non lle interese, se elimina radicalmente; estiveron coa teima durante toda a campaña e agora teñen que cumprir o acordado, o que pasa é que están vindo que para cumprílo necesitan tamén diñeiro e para duplicar os mestres nos colexios non hai, entón agora teñen que envainarsela, por decilo dalgún xeito.

Non creo que a Moción esté fora de lugar; e o que non me parece correcto é que vostedes nos digan na última Comisión Informativa que teñen unha Moción para presentar de Urxencia e que a día de hoxe aínda non a teñamos sobre a Mesa, non nola deron ¿porqué? porque hai algún interés político en que non coñezamos esa moción ata o momento da súa presentación, nin máis nin menos; non foi porque non a houberamos pedido aquí; é que non existía; existía no seu caixón, pero non na carpeta do Pleno que é onde tiña que estar e onde estaba a Moción do BNG e a do PSOE; pero a de vostedes, non; a vostedes gústalle actuar por sorpresa e con alevosía; vamos a ver que dicen na súa Moción, xa a teñen aprobada de feito porque xa están dacordo en facelo e teñen maioría, pero de verdade que isto non é respecto ás regras democráticas; isto é todo menos transparencia. Estará dacordo conmigo, Sr.Vilar, seguramente.

Para rematar decir que o domingo hai unha manifestación en Santiago á cal vou a asistir con toda miña familia, cun montón de xente, seremos miles de persoas, seguro, porque hai moita xente interesada neste tema; nesta manifestación participa o BNG, pero non foi convocada polo BNG; a manifestación a convoca a mesa da Lingua, non o BNG, polo tanto invítolle a que participe con nós, sería unha satisfacción vélo alí. Nada máis. Moitas grazas.

**SR.RODAL, PP.** - Agradecerle al Sr.Fernández que si por algún motivo me siento con la fuerza vital para exponer mis ideas en gallego pues tendré en cuenta su opinión; de todas formas creo que no se rió nadie, sería algo absurdo como lo es que si en algún momento los niños se expresan en gallego los compañeros de colegio se riesen de ello; simplemente yo no me sentía del todo cómodo y no me fluían bien las palabras; posiblemente lo intente de nuevo; pero creo que no solamente debíamos hacerlo en el Pleno, sino en las Instituciones, y los políticos estén donde estén, porque hay mucha gente que lo hace aquí en un foro determinado como es el Pleno y después, en sus vidas diarias, se expresan en castellano; yo reconozco que mi gallego es bastante malo aunque lo entiendo perfectamente, pero hay gente que farda de un gallego perfecto (y no miro para nadie) y resulta que habla un gallego penoso. A la hora de hablar del galleguismo pienso que no deberíamos basarnos tanto en el pasado; siempre nos basamos en la memoria histórica, que si con Franco, que si tal, en el pasado habría cosas buenas y cosas malas, igual que pasa con la educación de nuestros padres, nos educaron de una manera que tendría sus errores y yo creo que en la educación de ahora, quizás estemos todos de acuerdo, quizás debíamos haber cogido lo bueno de la de nuestros padres y lo malo cambiarlo; igual que en la Enseñanza, debíamos haber cogido lo bueno de antes y cambiar lo malo; estamos viendo bastantes problemas por no haber aprovechado lo bueno de antes.

Hay que pensar en el presente y dejar de referirnos al pasado, es como lo que hablamos antes de Sabarís, "si antes se hubiese hecho..", no se trata de eso, ahora resulta que hay un terreno que es el que hay, y si se hace se hace y los vecinos disfrutarán de esas instalaciones, ó no lo hacemos; no podemos remitirnos al pasado y voy a poner un símil en el deporte: hace 20 o 25 años, recuerdo que a la gente que iba a caminar ó a correr la gente le insultaba, incluso conozco a una persona mayor a la cual le tiraban piedras y le llamaban vago, "eres un vago, vete al mar", fijense como cambiaron las cosas, ahora todo el mundo pasea, bien por estética, por el colesterol, por los triglicéridos, etc., y creo que no se cambió porque nos impusieran el deporte sino porque nos dimos cuenta de que hacer deporte es bueno para la calidad de vida. Todo lo que me hemos expuesto aquí, y pienso que estamos todos en sintonía, es que realmente el gallego hay que potenciarlo y divulgarlo pero siempre desde una armonía, que no



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

haya imposición; no podemos machacar a nuestros hijos con que tienen que ponerse un traje regional de gallego, no, puede hacer hip hop y puede bailar gallego; una cosa es que le motivemos y otra que le obliguemos; tiene que haber libertad. Pero sí que desde la Administración, y desde todos los ámbitos, hay que fortalecer el gallego, y sobre todo el sentimiento gallego, que es mucho más que la lengua en sí. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** Estáse falando de que debemos falar do presente, efectivamente; antes en Galicia como vostede ben sabe, a poboación era fundamentalmente rural polo tanto o idioma predominante era o idioma galego, a medida que a concentración urbana foi librando ós nosos pobos máis pequenos, ó noso rural, vaise impondo dunha forma fundamentalmente mediática o idioma castelán, polo tanto o idioma que neste momento está en perigo é o idioma galego e todas aquelas iniciativas que fagan unha discriminación positiva ata o galego deben ser apoiadas e respetadas, deben ser potenciadas. Aquí sí hai algunha prohibición, non digo legislativa, pero sí prohibición de feito, en utilizar o idioma galego, non polos Organismos públicos, pero sí polo sistema productivo e pola publicidade, entón sempre acabaremos falando en castelán; o idioma que está en perigo de desaparición é o galego, polo tanto, unha entidade importante e fundamental da nosa cultura, entón tódolos esforzos que se fagan para que o idioma permanezca, para que sexa un vínculo do noso país, para que sexa o reflexo da nosa cultura, deben ser aplaudidos por todo o mundo, por tódolos galegos.

E unha magoa que teña que vir unha moción política para defender a nosa lingua, como dixo o Sr.Vilar, efectivamente, pero hai que pórla aquí a nivel político porque antes foi utilizada tamén como arma, máis que política, electoral; isto realmente é o que dá sentido a esta Moción. Tamén dá sentido a esta concentración do día 17 porque xustamente antes dunhas eleccións xa foi utilizado o galego para confrontar, para dividir, para xerar desconfianza, e incluso medo, de que se ía a obrigar a todo o mundo a falar galego; cada ún na rúa fala como lle dá a gana; ¿qué pasa?, que moitas veces non podemos chegar a competir con tódolos medios técnicos e de publicidade que hai, polo tanto hai que utilizar outros sistemas, e correspóndelle ás Administracións Públicas defender a nosa cultura, é unha das obrigas, é o que nos manda o Estatuto: defender a nosa cultura; e ún dos aspectos fundamentais da nosa cultura é o idioma, como vínculo de unión, non como vínculo de agresión; polo tanto nese sentido nós estamos totalmente a favor desta Moción.

Tamén fálase con moita asiduidade dos centros educativos; nos centros educativos non existe ese conflito que se quere trasladar, non existe; polos datos que nós temos das escolas do noso Concello máis do 50% das familias piden que a escolarización sexa en galego, ou sexa, a escolarización en galego non é ningún problema, iso é unha utilización un pouco maliciosa.

Estamos totalmente a favor desta moción e en contra de todas estas utilizacións que se poidan facer do idioma como unha agresión ou confrontación. O idioma é fundamentalmente un vínculo de unión e de expresión da nosa cultura. Vamos a votar a favor.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Este é un tema moi delicado que nos pode levar a un debate de horas e de días. A veces ún ten que reflexionar sobre o que é o idioma, como se fala, e ata onde vamos; eu xa fai moitos anos que estou metido neste tema do galego e recordo no ano 73, eramos poucos os mestres que acudiamos daquela á Universidade de verán de Vigo, entre outras cousas eu fixen alí o curso de galego e tiven a sorte de escoitar a unha serie de persoeiros exemplares como foron D.Ramón Otero Pedrayo, Antón Fraguas, Xose Luis Franco Grande (que por certo a súa nai era mestra compañeira miña nunha escola de Coia) e tamén a Torrente Ballester e Camilo José Cela, entre outros insignes escritores, que pasaban alí a complementar as clases con charlas, e todos plantexaban o gran debate que ao mellor hoxe estamos facendo aquí, e a conclusión, e toda esta xente estaba moi encima da Lei, implantaban e falaban o galego como algo ligado ó pobo, os que querían; os que non querían facían Literatura pero cunha esencia galega, como é o caso de Torrente Ballester ou de Camilo José Cela, que esencialmente eran escritores galegos aínda que usaban o castelán, e qué dúbida cabe que tan gallegos son uns como outros, e posiblemente todos teñan ese ámbito de universalidade; úns, expresándose en castelán, coa facilidade de chegar a moita máis xente, e outros, que se



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

expresaban en galego, pola profundidade dos seus análises da realidade eran tamén escritores universales; polo tanto creo que hai que entender a galeguidade como algo que se pode expresar tanto en galego como en castelán; nós non temos que ter ese complexo.

Cada un portavoz aquí plantexaba a realidade da desaparición do galego, mire, dos 4 idiomas que se falan en España: o catalán, o vasco, o galego-portugués e o castelán, os únicos que son universais son o galego-portugués e o castelán; porque tanto o vasco como o catalán, dentro dun compendio globalizado do mundo, son idiomas rexionais, non teñen esa expansión de universalidade dos outros, por iso que o galego vai a desaparecer é algo imposible porque para que iso ocorrira tería que deixarse falar portugués en Portugal, en Brasil, en Angola, en Mozambique, etc., e afortunadamente para nós Portugal e Galicia son fronteiras e son idiomas que se complementan, aínda que teñen a súa diferencialidade son idiomas complementarios e que están obrigados a entenderse no transcurso do tempo, que curiosamente os grandes escritores galeguistas eran moito máis enemigos do portugués que do castelán, é curioso, ¿e porqué? porque a forza do portugués é tan grande que absorvería ó galego; por iso para eles o gran enemigo non era o castelán senón que era o portugués.

Por isto digo que este tema do idioma é dunha complexidade enorme; e hai algo que sí que debemos ter claro tódolos galegos: un idioma nunca se impón por Lei; por Lei sempre é moi discutible que un idioma se impoña, aínda que iso sí, non quita que é importante que a Administración Pública utilice o galego, exclusivamente; debe utilizar o galego, debe ser o idioma vehicular da Administración; e debemos de facélo sen complexos pero en cambio en algo tan delicado como é a Educación, que creo que ahí é onde está a batalla, creo que hai que facer a cousa dende a libertade, dende a amabilidade, sobre todo para potenciar o idioma galego, que, desgraciadamente, coincido con vós en que está na situación máis desfavorable en canto ós medios de comunicación, pero isto non ocorre soamente en Galicia senón tamén en Cataluña, no País Vasco, e en todas partes, non é soamente aquí; pero sen embargo os idiomas subsisten. Estou dacordo con vostede, en Cataluña falar catalán é símbolo de prestixio porque está ligado á burguesía; a nosa realidade é outra, pero temos unha ventaxa sobre os cataláns: que nós temos ahí o tronco galaico-portugués que é moito máis universal que o catalán e polo tanto ten moitas máis garantías de supervivencia.

O que temos que ter presente é que a nós, ós galegos, non nos deben de acomplexar; nós temos que ter un obxectivo: que se fale máis galego, con máis naturalidade; pero repito, é unha cuestión de estratexia, e polo menos deixemos probar que a nova Xunta de Galicia adopte a súa estratexia, que sexa unha estratexia que non nos leve ó conflito, que nos leve á libertade; por certo, se un alumno fai un exame en galego ten tódolo dereito do mundo, iso é o bonito; se unha persoa ven a examinarse a un Concello que o faga en galego, porque aquí na Administración Pública vaiselle a esixir o idioma galego. Eu non levaría isto a unha confrontación, iso é un erro porque na confrontación sae sempre máis perxudicado o galego que o castelán, por todo isto que acabo de dicir, e polo tanto deixemos que a Xunta de Galicia aplique a Lei dende a libertade, dende a amabilidade, e sobre todo, dende o sentido común; démoslle ese márxes que creo que será bó para o galego. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Alcalde, xa para rematar, creo que está todo dito pero puntualizar algo que dixo o Sr.Vilar de que as Administracións Públicas deben utilizar exclusivamente o galego, pois mire: os concelleiros do PP, novos, non o fan; hai concelleiros aquí, como fai un momentíño, que tampouco o fan; pero é que todo este tocho que é a documentación do Pleno ven en castelán, excepto algún que outro folio; polo tanto estamos dacordo con vostede, Sr.Vilar, nese tema; a inmensa maioría da documentación que se nos presenta está en castelán; pero nós non queremos a confrontación; a confrontación, en vésperas electorais, a empezou a iniciar o PP; non foi o BNG. En todo caso, xa para rematar, pido o voto afirmativo para esta moción; e dicir que en Galiza, en galego, porque o movemento, Sr.Vilar, se demostra andando. Nada máis.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

Sometida polo Sr.Alcalde a votación a presente Moción, resultan: votos a favor, 7 (2,BNG, 5,PSOE), votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ); polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA rexeitar a Moción de urxencia presentada polo BNG.

-MOCION DE URXENCIA DO P.P. e C.M.Ñ.-

SOLICITUDE O GOBERNO GALEGO PROMOCION PROXECTOS PARA A DEFENSA DA LINGUA GALEGA E NOVO DECRETO.

VOTACION DA URXENCIA.

Sometida polo Sr.Alcalde a votación a Urxencia da Moción, resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

**MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DE COALICION MIÑORANA DO CONCELLO DE BAIONA SOBRE A LINGUA GALEGA**

Os portavoces dos grupos municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana do Concello de Baiona, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte

**MOCIÓN**

A sociedade galega iniciou unha nova situación política o 6 de abril de 1981, data da entrada en vigor do presente Estatuto de Autonomía. Vintenoventa anos de profundas transformacións e de avances a favor da personalidade colectiva de Galicia.

Un tempo no que o noso tecido social soubo asumir e assimilar o cerne sustantivo do país, o que Vicente Risco consideraba como "**patrimonio identificador**": **pobo, territorio, cultura e unha historia bimilenaria**. É dicir "**a dimensión temporal de Galicia**", en acertada definición de Ramón Piñeiro, a quen este ano, moi merecidamente, a Real Academia adica o Día das Letras Galegas.

Unha desas grandes realizacións, se cabe a principal, é a lingua galega. Fala propia significa identidade. O noso idioma caracterízanos, enriquecéonos e constitúe un dereito de todos os galegos, sen exclusións, independentemente de calquera opción partidista e das estratexias políticas.

Este é un principio irrenunciábel e consideramos que o noso modelo normalizador debe atender á realidade, lonxe de copias e mimetismos alleos, por moi ben intencionados que sexan e veñan de onde veñan. Equivocanse os que pretenden facer do galego un instrumento de imposición, e erran tamén os que consideran a lingua propia como algo subalterno, marxinal.

A amabilidade lingüística, o respecto polo que fala cada quen, imponse sobre os radicalismos estériles. Será aí, nesa actitude exemplar dos falantes, onde haxa que incidir para que ninguén se sinta marxinado ou excluído.

A vista de todas estas consideracións o Pleno do Concello de Baiona

- **MANIFESTA a vontade da Corporación municipal na defensa da lingua galega**
- **e SOLICITA AO GOBERNO GALEGO:**





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

- **a promoción de proxectos e plans destinados á defensa e pervivencia, en liberdade, da lingua galega, e**
  - **un novo Decreto que terá como finalidade o impulso do trilinguismo nos centros de ensino e o respecto aos dereitos individuais das familias e dos alumnos.**
- 

**SR.LORES, PSOE.-** Realmente é unha magoa que se utilice o idioma, como dixo o Sr.Vilar, para confrontación; resulta que acabamos de falar dunha moción que presentaba o BNG na cal se falaba e se defendía o galego, e o PP, cun obxectivo único e exclusivo de confrontación, presenta outra moción que ademais contradice absolutamente as afirmacións que fixo o Sr.Vilar decindo que a lingua non era un instrumento de confrontación política; pois isto non é máis que un instrumento de confrontación política; contradice rotundamente a súa intervención; isto non é de recibo; non ven a conto.

A nosa defensa do galego xa fixémosla na outra moción e ésta que vostedes presentan agora non ten o obxectivo de defender o galego; vostedes saberán cal é o seu obxectivo, pero non é nin defender nin potenciar nada que ver coa lingua; é un obxectivo unicamente de confrontación política. Polo tanto nós non podemos apoiar esta moción.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Alcalde, estou completamente dacordo coa manifestación que fixo o compañeiro do PSOE, e decir que é un documento calcado do argumento que utilizou Galicia Bilingüe e o PP en vésperas electorais, nin máis nin menos; o último punto non ten desperdicio ningún: *"un novo Decreto que terá como finalidade o impulso do trilinguismo nos centros de ensino e o respecto aos dereitos individuais das familias e dos alumnos"*; é dicir, vostedes están situando o galego, e supoño que o inglés e o castelán, nos mesmos termos. En Inglaterra se fala inglés e se aprende o castelán, o galego, o francés, e moitos idiomas; aquí ten que falarse en galego e aprender o inglés, o francés, o castelán, e moitos idiomas máis; todos eles para enriquecernos, pero o que temos que falar é o galego, nada máis.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Que dúbida cabe que esta é unha moción como consecuencia doutra que se había presentado antes; pero é unha alternativa, creo eu, de máis liberdade, de máis sentido común e sobre todo que vai a potenciar máis o idioma galego; ese é o obxectivo.

**SR.RODAL, PP.-** Nosotros refrendamos que este texto sí dice lo que nosotros sentimos, y sobre todo lo que estamos intentando es potenciar, es decir: *"a promoción de proxectos e plans destinados á defensa e pervivencia, en liberdade, da lingua galega"*, y sobre todo lo que estamos dicindo es que no haya imposición. Seguimos dicindo lo mismo que en el punto anterior: totalmente en contra de la imposición y de los radicalismos.

**SR.LORES, PSOE.-** Para nós é simplemente un plantexamento de utilización; xa non entramos nin a valorar o contido da moción, pero o que pón: *"un novo Decreto que terá como finalidade o impulso do trilinguismo"*, realmente non sei que ten que ver, ¿qué van a facer? ¿obrigatorio o inglés ou o francés?, non o acabo de entender; se fai pouco decía tamén o Sr.Vilar que non se podía obrigar a falar o galego agora resulta que nos traen unha Moción pedindo un novo Decreto para falar en inglés, non podemos entendélo, todo isto é confuso. Tamén dí: *"Solicitar ao Goberno Galego"*, creo que o anterior Goberno da Xunta fixo un esforzo por implantar incluso linguas bilingües na maior parte dos centros de Galicia onde sí se estaba potenciando o inglés, sen ningún problema; agora, meter este variable nunha moción deste tipo onde se fala de trilinguismo, aínda que non dí cales son os idiomas entendemos que é o inglés, parécenos que é unha variable que trata de distraer e de confundir outra vez utilizando o idioma como confrontación partidista, xa nin siquera política, senón de partido. Parécenos unha falta



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

absoluta de honestidade política e polo tanto vamos a votar en contra xa non polo contido senón pola utilización burda do idioma.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Os convido a todos o domingo en Santiago, Sr.Alcalde.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Eu simplemente digo que pasarán os homes, pola vida, pero quedará o idioma.

**SR.ALCALDE.**- Propoño que o ano que ven o Día das Letras Galegas sexa adicado a D.Manuel Vilar.

A lingua é para comunicarse, para reir, para discutir. Están tremendamente equivocados dicindo que se trata de un tema político, todavía non se deron conta do que pasou na sociedade galega nestes 4 anos. Que fagan unha manifestación o domingo, á semana de coller a responsabilidade de goberno o PP, parece irresponsable; decían que non foi convocada polo BNG, non o será, pero a manifestación que houbo en Santiago fai 2 meses non foi organizada polo PP e foi xente libremente, quen a organizou foi Galicia Bilingue, despois de 3 anos e medio dunha aplicación da Lei tremendamente fascista, e non se deron todavía conta, Sr.Lores, que perderon a Xunta de Galicia por moitos motivos: pola bicefalia, polo desastre de xestión, pero tamén por algo que moitos pais e nais deste pais tiveron que soportar durante 4 anos: unha persecución na educación; e cando se fala con xente non significada politicamente ún se dá conta de que estaban indignados, indignados; incluso xente socialista, e xente do BNG, estaban contra a imposición; porque do que falaban non era da lingua, era da imposición.

O Sr.Fernández decía antes, con razón, que en períodos anteriores se persiguíu oficialmente a lingua galega, e nos últimos 3 anos se perseguíu a aquel que non falaba en galego; ese é o problema: os fascismos son malos e o idioma é para comunicarnos e non se pode decir que a Cultura galega é so o galego, a Cultura galega son moitísimas cousas, moitísimas; e tan galego é "Mazurca para dos muertos" feito por un Premio Nobel, iso é Galicia, como calquer outro autor que escriba en galego; pero tan galego é tamén a música; iso non significa que a xente xoven non poida cantar ou bailar "hip-hop", claro que poden, una cousa e outra, pero non con imposición, iso é o que defendemos nós.

Eu recordo toda a miña vida falar e escoitar o galego; e como dixo antes Manolo Vilar, o galego foi o idioma, despois do castelán, que máis se falou en España, porque o vasco non o falaba nadie e o catalán o falaba a alta burguesía das grandes cidades como Barcelona; en Galicia, el galego o falaba a xente normal; e efectivamente, aparte do que era a Administración, a nivel oficial, o galego non estaba considerado, pero iso non quere decir que haia que facer o contrario.

Sr.Lores, aprendan, lean a sociedade, non pensen que este é un tema que o PP se inventou; isto o xenerou a imposición que fixeron dende a Xunta e coa que a clase media normal deste pais non estaba dacordo, porque lle explico: o Sr.Touriño, na última semana da campaña electoral caíu da burra e deuse conta de que perdía as eleccións e dixo que non habían feito ben o tema da lingua galega; o dixo o Sr.Touriño na última semana, porque se deu conta de que había creado un monstro sen control; e á semana de que se puxera en funcionamento a páxina web deste Concello, polas prisas saíu na primeira semana en castelán e en inglés, estaba xa contratada e ía sair na seguinte en galego e en francés, se dirixou a este Concello un señor que se chama Carlos Cayón, Presidente da mesa de normalización linguística, coaccionando a este Concello, e mandou un escrito ó Valedor do Pobo denunciando ó Concello de Baiona, ¿pero en qué tempo estamos?, ¿é a GESTAPO; isto é a Alemania nazi?, iso non é o que quere a xente; teñen que estudiálo, Sr.Lores.

Se quer a lingua galega, o domingo esté aquí en Baiona con nós, leindo textos de Ramón Piñeiro; están convidados, iso é a lingua galega, e non facer manifestacións na rúa utilizando os nenos en manifestacións, iso é vergonzoso. Vaian, lean, escriban; igual non teñen tempo para leer, pero eu os animo a que lean a escritores galegos, americanos, africanos, todo é cultura, todo se aprende, non hai que impór nada, a xente acaba utilizando o que necesita.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

O galego ten un problema de verdade serio, pero non é un problema cunha Lei ou unha norma poida resolver; o galego non está disminuíndo na fala so porque se aplique unha Lei ou non se aplique, a sociedade civil vai por outro lado, e se preguntan ós rapaces que están agora mesmo en clase saen de alí e están contra o galego ¿porqué? pois polo que decía Manolo: porque é unha imposición; se fora unha asignatura máis, se lle explicara, se deran libros para leer e escoitaran música, posiblemente tiveran outro tipo de reacción, pero desgraciadamente se lles está impondo e eles non están dacordo. Deixémonos de discusións filosóficas; o mundo está globalizado e a xuventude está chateando, está chateando en inglés ou en castelán, e iso vai disminuíndo o uso; e o que contou o concelleiro do BNG sobre suas fillas lle pasa a moitísima xente, á xentes do BNG, que os seus fillos falan en castelán, pregúntelle porque, pregúntelle, pero non a castigue, seguro que hai unha razón, nada é casual.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Porque lle falan en castelán na escola, que é onde pasa o maior tempo da sua vida.

**SR.ALCALDE.**- E motivo de orgullo que suas fillas e os meus fillos poidan falar galego, castelán, e tamén inglés.

Antes decía que estaban impondo o inglés e que o que había que falar aquí era galego; recordolle que vostede prometeu sobre a Constitución, e a Constitución fala de dous idiomas oficiais en Galicia, e eu non estou disposto a perder a parte da Cultura galega que está en castelán, e Camilo José Cela para mín é tan importante como outro autor que escribera en galego, para mín é Cultura, e nos está describindo un pobo, un pobo que é o pobo galego; léase "Mazurca para dos muertos" que está moi ben.

---

**Sometida polo Sr.Alcalde a votación a Moción, resultan: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 7 (5,PSOE, 2,BNG).**

---

**Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:**

- **MANIFESTA** a vontade da Corporación municipal na defensa da **língua galega**, e
- **SOLICITAR Ó GOBERNO GALEGO:**
- **A promoción de proxectos e plans destinados á defensa e pervivencia, en liberdade, da língua galega.**
- **Un novo Decreto que terá como finalidade o impulso do trilinguismo nos Centros de ensino e o respecto aos dereitos individuais das familias e dos alumnos.**

**-MOCION DE URXENCIA DO PSOE.**

**SR.ESTEBEZ, PSOE.**- Este grupo municipal presentou o pasado 8 de maio, vénres, unha Moción que todos vostedes deben ter na documentación.

A xustificación da Urxencia para poder ser incluída e debatida neste Pleno é por 4 motivos fundamentais: en primer lugar, a entrada en vigor do Decreto Lei 5/2009 que facilita e posibilita ós Concellos o endebemento para pagar os seus saldos pendentes a provedores e acreedores, ou tamén financiar o remanente negativo de Tesorería, se houbera. O segundo motivo é a situación económica en xeral, con dous grandes grupos afectados, tanto as empresas e os autónomos, como o desemprego, non so xeralmente en toda España, en todo o mundo, senón particularmente en Baiona. O terceiro motivo é porque entendemos que o Concello pode, e debe, tomar cartas no asunto e poñer medidas que satisfagan a estas familias e empresas; e



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

por último creemos que esta moción debe ser debatida por zanxar a polémica e a guerra de cifras desta semana que creo que non beneficia a ninguén, e menos ós veciños e veciñas de Baiona. Moitas grazas.

#### **VOTACION DA URXENCIA.**

Sometida polo Sr.Alcalde a votación a Urxencia da Moción, resultan: votos a favor, 7 (5,PSOE, 2,BNG); votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a urxencia ó non acadar a maioría necesaria.

---

#### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **PREGUNTAS DO PSOE**

##### **SR.ESTEVEZ:**

- Sr.Alcalde ¿qué dixo vostede nesa Sala ó Sr.Xosé Enrique e a mín con respecto ás 3 mocións?.

**SR.ALCALDE.**- Eu falei da moción do Sr.Fernández, quen foi o único que negociou, vostedes non negociaron.

**SR.ESTEVEZ:** Se presentan 3 mocións e non poñeremos ningunha á Urxencia para que despois poidan ser debatidas; esta moción está presentada o vénres 8 de maio; isto é a cortesía do Concello de Baiona.

**SR.ALCALDE.**- A próxima vez negocien.

**SR.ESTEVEZ:** Isto non é negocio, é política. ¿Contestará no próximo Pleno?.

---

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Isto é unha indecencia.

---

**(Neste intre abandoa a Sala o Sr.Estévez, PSOE).**

---

**SR.LORES, PSOE.**- Manifestar a nosa perplexidade por esta actitude cando habíamos chegado a un acordo.

**SR.ALCALDE.**- Non chegamos a ningún acordo. Faga as preguntas, Sr.Lores.

**SR.LORES, PSOE.**- Parece que realmente o goberno mírase nun apuro e non quere falar dalgúns temas. Farei primeiro as Preguntas e despois o Rogo.

---

##### **PREGUNTAS DO PSOE.- SR.LORES:**



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

- **¿Cándo, dunha vez por todas, lle van a facer caso ós veciños?; hai unha demanda, incluso por escrito neste Concello, dos veciños do casco vello, na que piden que na Porta da Vila, ese acceso ó casco vello, sexa de entrada e de saída; parece ser que xa foi transmitida esta petición ó Concello fai tempo e o Alcalde ten a calada por resposta, ou sexa, ignora as necesidades reais que teñen os veciños de Baiona. Esta é a nosa primeira pregunta.**

**SR.ALCALDE.-** Xa teño comentado que como non fan os deberes non presentan as preguntas con 24 ou 48 horas de antelación, entón contestaremos no próximo Pleno.

- **Se estiveramos nós chegaríamos a solucións rápidas pero este goberno parece que non está por solucionar os problemas dos veciños; hai unha problemática que se está a vivir ultimamente no casco que é o problema dos fins de semana, que se está trasladando parte do chamado "botellón" ás ruas perpendiculares ás rúas do Conde e Ventura Misa; é un feito que nas horas nocturnas non hai vixilancia nin ningún tipo de intervención; preguntamos ¿cándo o Concello vai tomar conciencia deste problema antes de que vaia a máis?, asuman a súa responsabilidade neste senso.**

**SR.ALCALDE.-** Contestaremos no próximo Pleno.

- **¿Cál é a clave que nos facilita a entrada e o acceso á páxina web do Concello para poder publicar unha nota?. Pedimo-la clave.**

**SR.ALCALDE.-** Contestaremos no próximo Pleno.

- **Queremos saber se no proxecto da rúa Elduayen se contempla o soterramento do cableado.**

**SR.ALCALDE.-** Contestarei no próximo Pleno.

- **Queremos preguntar quén, por parte do Concello, ou qué departamento, controla e coordina as obras que se están a facer neste Concello; as veces parece que hai certa improvisación. ¿Qué servizo, ou persoa, é a encargada de controlar, e sobre todo coordinar, as obras do Concello?.**

**SR.ALCALDE.-** Contestarei no próximo Pleno.

- **¿Quen controla, sobre todo naquelas obras que teñen unha actuación municipal, os aspectos da seguridade?. Pode haber momentos de risco e perigo no desenvolvemento desta obra.**

**SR.ALCALDE.-** Contestarei no próximo Pleno.

- **¿Cándo, o goberno municipal, vai ter un pouquiño de cultura democrática?.**

**SR.ALCALDE.-** Contestaremos en próximos Plenos, durante os próximos anos.

---

**ROGOS DO BNG.- SR.VALVERDE:**



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

1º.- Debido á situación que se está viviendo neste Concello nestes momentos, motivada pola crise económica, e polos datos que se están dando dende a Oficina de Emprego deste Concello, según o cal xa se superaron os 1.000 parados no mes de febreiro, aínda que agora xa está un pouquiño máis baixa esa cifra, entendemos que grazas, en principio, ás medidas adoptadas por este Concello na aplicación do Plan E, ¿vai tomarse en serio esta situación e vai pór medidas enriba da Mesa para intentar solventar esta crise?.

ROGAMOSLLE a tódolos membros da Corporación que se olviden por un momento das siglas políticas e que todos nos unamos neste momento para buscar solucións serias, alternativas serias, que nos saquen ós veciños e veciñas de Baiona, sobre todo a eses que ningún dos membros da unidade familiar percibe ningún tipo de prestación social e que, sinceramente, estamos rozando cifras espeluznantes neste Concello.

En Galiza a taxa de paro está arredor do 12% nestes momentos, pero en Baiona está rondando xa o 17%; somos ún dos Concellos de toda Galiza que ten a taxa de paro máis elevada, non vou a decir o máis elevado pero sí que temos unha taxa de paro moi elevada. Os orzamentos presentados ante esta Corporación non propuñan medidas correctoras para solventálo; lle ROGAMOS, dende o grupo municipal do BNG, que se tomen as medidas excepcionais oportunas, e ahí nos terá; o noso grupo político pide a comprensión do resto dos membros da Corporación para que se tomen esas medidas extraordinarias para solventar esa situación que tan gravemente está afectando ó noso pobo.

2º.- Con motivo das obras que están desenrolando en Santa Liberata os contenedores foron trasladados de zona; por ese motivo levar o lixo ata eses lugares se complica sobre todo para persoas maiores ou con dificultades de mobilidade, ROGAMOS teñan a ben intentar localizar unha ubicación máis próxima para facilitar esa tarefa.

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr. Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.